B1.13. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.	1.13. Asumir responsabilidades de recollida de material e posta a o servizo da clase por parte de todo o alumnado.	Tódolos trimestres	
B1.14 Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde.	1.14 Seguimento de apuntes, e apoio visual con vídeos postos na aula ou aula virtual.	Na parte correspondente de cada trimestre	h, i, g, e, b, m, o

			P
--	--	--	---

4.3.1.3. Estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación

BLOQUE 1. Contidos comúns	3º ESO
Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
EFB1.1.1 Relaciona a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	<ul style="list-style-type: none"> • Proba
EFB1.1.2 Prepara e realiza quencementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas.	<ul style="list-style-type: none"> • Proba • Traballo
EFB1.2.1 Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación
EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, repectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro
EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro
EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas.	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro
EFB1.3.2. Respecta o seu contorno e valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación
EFB1.3.3. Analiza críticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario
EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación
EFB1.4.2. Describe os protocolos para activar os servicios de emerxencias e de protección do contorno.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación
EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación
EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxen, vídeo, son etc), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos
EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos

.METODOLOXIA: En función dos aspectos ou actividades a desenvolver, buscando una progresiva autonomía por parte do alumno.

Os estilos de ensino centrarse sobre todo na organización de grupos e tarefas que os alumnos desenvolverán, así nas propostas de búsqueda que eles terán que facer

4.3.2. BLOQUE 2: Actividades físicas artístico-expresivas

4.3.2.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, mínimos e competencias

BLOQUE 2 ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS			3º ESO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos	Comp.
B.2.1 Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal.	EFB2.1.1 Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade.		CCEC
	EFB2.1.2 Crea e pon en práctica una secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo.	2.1.2 Practicar actividades expresivas sinxelas en pequenos grupos ou individual, dándolles un matiz expresivo e adaptando, si é o caso, a execución á dos compañeiros.	CCEC
	EFB2.1.3 Colabora na realización de bailes e danzas	2.1.3 Colabora cos seus compañeiros/as na realización de bailes e danzas.	CCEC

4.3.2.2. Contidos, actividades de aprendizaxe, temporalización e obxectivos

BLOQUE 2 ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS ° ESO			
Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización	Obxectivos
<p>B2.1 Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas básicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.</p> <p>B2.2 Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual e colectivo.</p> <p>B2.3 Realización de bailes e danzas de carácter recreativo popular</p>	<p>2.1.1.-Práctica de actividades encamiñadas ao dominio e o control corporal.</p> <p>2.1.2 Adaptación del movimiento al ritmo de la música.</p> <p>2.2.1-Elaboración e representación de composicións corporais con soporte musical.</p> <p>2.3.1.-Presentación das danzas do mundo. Visualización video</p> <p>2.3.2.-Audición da música da danza do mundo seleccionada en primeiro lugar. Aprendizaxe dos elementos coreográficos. Reproducción e Memorización da mesma .</p> <p>2.3.3 Audición da música da danza do mundo seleccionada en segundo e 3º lugar. Aprendizaxe dos elementos coreográficos. Reproducción e Memorización das mesmas</p>	<p>2.1.1.- 2º Trimestre</p> <p>2.1.2 – 2º Trimestre</p> <p>2.2.1- 3º Trimestre.</p> <p>2.3.1 3º Trimestre</p> <p>2.3.2 3º Trimestre</p> <p>2.3.3 3º Trimestre</p>	<p>n m b g l d o</p>
	<p>2.3.4.- Reproducción das danzas traballada o 2º e 3º día. Audición da música das danzas do mundo seleccionadas en 4º lugar. Aprendizaxe dos elementos coreográficos. Reproducción e Memorización das mesmas.</p>	<p>2.3.4-3º Trimestre</p>	
	<p>2.3.5.- Reproducción das danzas traballadas. Audición da música da danza do mundo seleccionada en 5º lugar. Aprendizaxe dos elementos coreográficos. Reproducción e Memorización das mesmas</p>	<p>2.3.4-3º Trimestre</p>	<p>N m b g l d o</p>
	<p>2.3.6.-Reproducción das tres ou 4 danzas aprendidas e grabación das mesmas</p> <p>2.3.7.-Baile galego</p>	<p>2.3.5-3º Trimestre</p>	

4.3.2.3. Estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e metodoloxía

BLOQUE 2 ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS 3º ESO	
Estándares de Aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
EFB2.1.1 Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade	<ul style="list-style-type: none"> • Observación
EFB2.1.2 Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado.	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistros
EFB2.1.3 Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e compañeiras.	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos prácticos
EFB2.1.4 Realiza improvisacións como medio de comunicación espontánea en parellas ou grupos.	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos prácticos
<p>Metodoloxía: A intervención docente debe ir dirixida a conseguir a máxima participación e implicación do alumnado na actividade. En xeral comenzaremos con estilos de enseñanza tradicionais como Mando directo e Asignación de tarefas, baseadas na técnica de enseñanza por Instrucción directa ou Reproducción de Modelos para os primeiros pasos e explicacións. Posteriormente avanzaremos hacia O Descubrimiento Guiado E Resolución de Problemas finalizando con estilos que promovan a creatividade</p>	<p>Estratexia na práctica:</p> <p>Global e, nas partes que pola súa dificultad o requira, analítica</p>

4.3.3. BLOQUE 3: Actividade física e saúde**4.3.3.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, mínimos e competencias**

BLOQUE 3- Actividade física e saúde 3º ESO			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos	Comp
B.3.1. Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos básicos de control de intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación para a mellora da súa saúde	<p>EFB3.1.1. Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico de portivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.</p> <p>EFB3.1.2 Asocia os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde.</p> <p>EFB3.1.3 Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como a saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva.</p> <p>EFB3.1.4 Adapta a intensidade do esforzo físico utilizando para elo a súa frecuencia cardíaca e as sensacións de esforzo percibido.</p> <p>EFB.3.1.5 Aplica procedemento para a autoevaluar os factores da condición física</p> <p>EFB.3.1.6 Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando una actitude crítica fronte as prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.</p>	<p>EFB.3.1.3 Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática e a saúde</p> <p>EFB.3.1.4 Utiliza as modificacións da frecuencia cardíaca e respiratoria como indicadores da intensidade do esforzo.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CSC</p>
B3.2 Desenvolver as capacidades físicas de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no seu esforzo	<p>EFB3.2.1 Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.</p> <p>EFB3.2.2 Alcanza niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e as súas posibilidades.</p> <p>EFB3.2.3 Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</p> <p>EFB3.2.4 Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida</p>	<p>EFB3.2.1 Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos.</p> <p>EFB3.2.2 Alcanza niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e as súas posibilidades.</p> <p>EFB3.2.4 Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física, e como influye esta práctica na mellora da calidade de vida</p>	<p>CAA</p> <p>CAA CSIEE</p> <p>CAA</p>

4.3.3.2. Contidos, actividades de aprendizaxe, temporalización e obxectivos

BLOQUE 3 ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE		3º ESO	
Contidos	Actividades de Aprendizaxe	Temp	Obx
<p>B3.1 Condición física. Factores que inciden. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación co sistema do organismo.</p> <p>B3.2 Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación.</p> <p>B3.3 Resposta do organismo ante a práctica de actividade física e adaptacións que se producen no mesmo como consecuencia dunha práctica física sistemática.</p> <p>B3.4 Adestramento: intensidade, volumen e densidade do esforzo e a súa relación cos sistemas metabólicos de obtención de enerxía.</p> <p>B3.5 Control do esforzo físico a través da frecuencia cardíaca e das sensacións subxetivas.</p> <p>B3.6 Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde.</p> <p>B3.7 Elaboración e posta en práctica dun programa básico para a mellora da condición física saudable</p>	<p>3.1 Visualización dun vídeo sobre as capacidades físicas. As diversas capacidades solicitadas das distintas manifestacións físico-deportivas e artístico-expresivas</p> <p>3.2 Ver a incidencia que pode ter unha alimentación e hidratación adecuada en relación co exercicio físico e a saúde</p> <p>3.3 A resistencia aeróbica. Como melloralas. Carreira continua de larga duración e baixa intensidade, controlando mediante a frecuencia cardíaca e recordando o xa aprendido acerca do aparato cardiorespiratorio.</p> <p>3.4.1 A resistencia aeróbica. Potenciación da vía enerxética aeróbica. Método continuo controlando mediante a frecuencia cardíaca e recordando o xa aprendido</p> <p>3.5. A resistencia mixta. Utilización de actividades de carácter continuo variable. Vías enerxéticas aeróbica e anaeróbica láctica</p> <p>3.6. Utilización de procedementos de avaliación.</p> <p>3.7.1 Os fundamentos da forza: O aparato locomotor. O sistema óseo articular e o sistema muscular. O traballo de forza resistencia cos grandes grupos musculares.</p> <p>3.7.2 A velocidade de desprazamento. Actividades dirixidas ao seu traballo.</p> <p>3.7.3 A flexibilidade. Actividades estáticas.</p> <p>3.7.4 A velocidade. Utilización de actividades de velocidade de reacción</p>	<p>1º Trimestre</p> <p>1º Trimestre</p> <p>1º Trimestre e 2º</p> <p>1º Trimestre</p> <p>1º trimestre</p> <p>1º e 2º trimestre</p> <p>1º trimestre</p>	<p>M f b g</p>
<p>B3.8 Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde.</p> <p>B3.9 Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para melloralas.</p> <p>B3.10 Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas.</p> <p>B3.11 Técnicas básicas de respiración e relaxación.</p> <p>B3.12 Reflexión sobre os propios hábitos de vida e a repercusión dos mesmos.</p>	<p>3.8.1 Métodos para o traballo da resistencia: Continuos. Fraccionados</p> <p>3.8.2 Métodos para o traballo da velocidade de reacción: Saídas</p> <p>3.8.3. Métodos para o traballo da flexibilidade. Actividades de carácter dinámico activas e pasivas.</p> <p>3.8.4. Os sistemas fraccionados: Circuito-training para traballar a forza-resistencia</p> <p>3.9. Realización de test.</p> <p>3.10 Aplicación da Ergonomía e a hixiene corporal nas prácticas físico-deportivas</p> <p>3.11 O Traballo da respiración e a relaxación no ámbito das actividades ximnásticas e expresivas</p> <p>3.12 Posibilidade de xogar nos recreos.....</p>	<p>1º trimestre</p> <p>1º e 2º trimestre</p> <p>1º e 2º trimestre.</p> <p>Tódolos trimestres</p> <p>1º, 2º, 3º trimestre</p>	<p>m g f b</p>

4.3.3. Estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e metodoloxía

BLOQUE 3 ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE	3º ESO
Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
EFB3.1.1. Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico de portivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación • Cuestionario
EFB3.1.2 Asocia os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde.	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario • Traballos
EFB3.1.3 Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como a saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva.	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario
EFB3.1.4 Adapta a intensidade do esforzó físico utilizando para elo a súa frecuencia cardíaca e as sensacións de esforzó percibido.	<ul style="list-style-type: none"> • Proba • Observación
EFB3.1.5 Aplica procedemento para a autoevaluar os factores da condición física	<ul style="list-style-type: none"> • Proba
EFB3.1.6 Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando una actitude crítica fronte as prácticas que teñen efectos negativos para a saúde	<ul style="list-style-type: none"> • Debate • Cuestionario
EFB3.2.1 Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	<ul style="list-style-type: none"> • Lista de control
EFB3.2.2 Alcanza niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e as súas posibilidades	<ul style="list-style-type: none"> • Test
EFB3.2.3 Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación
EFB3.2.4 Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario • Debate
Metodoloxía: Trataremos de que as percepcións de sensacións e as conclusións que se tomen sexan a nivel individual. Falando de estilos de ensino aprendizaxe utilizaremos predominantemente o directivo.	

4.3.4. BLOQUE 4: Os xogos e as actividades deportivas

4.3.4.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, mínimos e competencias

BLOQUE 4: Os Xogos e as actividades deportivas		3º ESO	
Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Mínimos	C.Cla
B4.1 Resolver situación motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas	EFB4.1.1 Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas, das actividades propostas, respectando as regras e as normas establecidas.	B4.1.1, B4.1.2 Coñece e emprega as habilidades específicas aprendidas en situación reais de práctica neste curso, respectando as regras e as normas establecidas.	CAA CSIEE
	EFB4.1.2 Autoevalúa a súa execución con respecto ao modelo técnico formulado		CAA CSIEE
	EFB4.1.3 Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos		CAA CSIEE
	EFB4.1.4 Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexigencia e superación.	B4.1.4 Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexigencia e superación.	CAA CSIEE
	EFB4.1.5 Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos estables e técnicas básicas de orientación, adaptándose ás variacións que se producen, e regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	B4.1.5 Utiliza as técnicas básicas das actividades no medio natural que se levan á práctica regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	
B4.2 Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición , utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes	EFB4.2.1 Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas.		CAA CSIEE
	EFB4.2.2 Describe e pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición.	B4.2.2 Practicar en situación reais, xogos, deportes e xogos tradicionais, aplicando as regras, a técnica, e elaborando estratexias de ataque e defensa	CAA CSIEE

	EFB4.2.3 Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisión nas situacións facilitadas de Colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción	B4.2.3 ,B4.2.4 Resolve problemas de decisión xurdidos na realización de actividades deportivas utilizando habilidades específicas e a valia ndo o axuste de execución ó obxecto previsto	CAA CSIEE
	EFB4.2.4 Reflexiona sobre as situación resoltas valorando a oportunidade das solución a chegadas e a súa aplicabilidade a situación similares.		CAA CSIEE

4.3.4.2. Contidos, actividades de aprendizaxe, temporalización e obxetivos

BLOQUE 4- Os xogos e as Actividades deportivas		3º ESO		
Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempor	obxe	
B4.1 Execución e avaliación de habilidades motrices de xeito combinado vinculadas ás accións deportivas , respectando os regulamentos específicos	<p>1. Proyección vídeo sobre o Atletismo: Características. As carreiras no atletismo. As carreiras de valas. Os relevos.</p> <p>2. Introducción as carreiras. Práctica de carreira con modificacións de amplitude e frecuencia.</p> <p>3. Práctica de actividades para a percepción do ritmo entre valas.</p> <p>4. Práctica do traballo da perna de ataque ó obstáculo e a acción da perna de impulso.</p> <p>5. Práctica con valas de altura progresivamente maior e saída dende abaixo. (tacos)</p> <p>6. Os relevos. Traballo da técnica do traspaso do testigo.</p> <p>7. Os relevos. Execución global dunha competición de relevos.</p> <p>8.- Realización dunha proba con valas.</p> <p>-----</p> <p>1- O acrosport: O traballo cooperativo: fases. Posta en acción.</p> <p>2.- O Tono e o control corporal en diferentes posicións. Os xiros sobre o eixo transversal. Volteos hacia diante e atrás enlazados con outros elementos básicos.</p> <p>3.- Execución de figuras con problemas de complexidade crecente en torno a número de apoios. Execución de figuras de acrosport por parellas</p> <p>4.- Execución de figuras de acrosport por trios.</p> <p>5.- Execución de elementos de acrosport por grupos de 5-6 persoas.</p> <p>-----</p> <p>1.- O Ultimate freesbee como deporte de equipo. Consideracións históricas e regulamentarias.</p> <p>2.- A técnica básica de manexo do freesbee: o agarre e o lanzamento de revés. A recepción.</p> <p>3.- Fresbee: Os pases a diferentes alturas. Pases a distancia. Pase a un compañeiro en movemento. Pases con efecto.</p> <p>4.- Fresbee: O pase de dereitas. As recepcións complexas.</p> <p>5.- O Béisbol: Introducción a os deportes colectivos de bate. Os lanzamentos, recepcións, bateo, Pisar bases, pasar</p> <p>-----</p> <p>1.- Carreiras de orientación: Adaptación e utilización de técnicas de adaptación a o medio natural e a seus recursos.</p> <p>2.- Carreiras de orientación: Representación gráfica dun plano utilizando a simboloxía correspondente.</p> <p>3.- Carreira de orientación no medio natural.</p>	<p>1º trimestre</p> <p>e 2º trimestre</p> <p>-----</p> <p>2º e 3º trimestre</p> <p>-----</p> <p>3º trimestre</p>	<p>a b g m</p>	
	B4.2 Execución de habilidades	1.- Análise dos deportes de equipo : situacións da		

<p>motrices técnico-tácticas vinculadas a os deportes colectivos en distintas situación, respectando os regulamentos específicos.</p>	<p>acción de xogo comúns a todos eles. O balonmán</p> <p>2.-Balonmán: A progresión sen oposición. As accións en superioridade numérica, espacial ou temporal.</p> <p>3.-Balonmán: Xogo de progresión 2x0, pases en movemento.O lanzamento á portería. A blocaxe do balón. Interceptacións do lanzamento a portería.</p> <p>4.-Balonmán: Os desmarques. Traballo de táctica ofensiva individual sen balón.</p> <p>5.-Balonmán:O xogo 2x1 e finalización cara á portería. Xogo 3x2 sen outra desvantaxe dos defensores.</p> <p>6.- Balonmán: A Finta. Realización de coordinacións de accións técnicas para superar a oponente. Xogo 3x3.</p> <p>7.-Balonmán: Aprender os postos específicos. Explicación e posta en práctica da táctica colectiva ofensiva e defensiva do balonmán.Aplicación de situación parciais de sistemas.</p> <p>8.-Situacións de complexidade perceptivo decisional crecente para incidir na capacidade táctica individual.</p> <p>9.-Xogo global con aplicación das regras básicas.</p> <p>10.-Xogo global con equipos mixtos con clasificación.</p> <p>11.-Evaluación do xogo.</p> <p>-----</p> <p>1: Ultimate: A iniciación ó xogo 2x1 con progresión hacia unha meta. O xogo 3x2 con restricións temporais no número de pases.</p> <p>2.-Ultimate: O xogo do ultimate en sala 3x3. A aplicación do marcaxe e desmarque. A aplicación da técnica individual á acción táctica individual e colectiva.</p> <p>3.-Ultimate: xogo global cas normas básicas. Equipos mixtos de 7x7.</p> <p>4.-Ultimate: Valoración do xogo. Liga de clase</p> <p>5.-Beisbol:Batear e correr a 1º base.Batear e correr a 1º e 2º base.Acción conxunta de receptores e lanzador. Táctica de carreira.</p> <p>6.-Béisbol: Equipos.Conseguir 4 bases.Campo reducido.Reglas básicas.Ataque:bateo bo. Defensa: Distribución polo terreo de xogo.</p> <p>7.- Béisbol: Xogo global por equipos mixtos.</p> <p>8.-Béisbol: Liguilla de clase</p>	<p>Final 1º trime</p> <p>2º trime</p> <p>-----</p> <p>3º trime</p> <p>3º trimes</p>	<p>a b g m</p>
<p>B4.3 Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos</p>	<p>1.-Balonman: Xogos de aplicación de todo o aprendido.Os 10 pases modificando espacios etc.. O balón torre.etc.</p> <p>2.-O Schutball xogo alternativo. Regulamento e xogo en tres campos o ancho.Descubrimiento da táctica para a obtención do éxito.</p> <p>-----</p> <p>1.-Xogos de cooperación grupal.Problemas grupais de resolución conxunta pre-acrosport.</p> <p>-----</p> <p>1.-Xogo dos 10 pases e outros xogos utilizando o freesbe .-----</p> <p>1.- Realización de xogos de orientación na Alameda.-----</p> <p>1.-Xogos modificados de bate y carreira</p>	<p>Final 1º trimes</p> <p>-----</p> <p>2º trime</p> <p>-----</p> <p>Final 2º trime--</p> <p>1º trimes--</p> <p>3º trimes+</p>	<p>a b g m</p>

4.3.4.3. Estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e metodoloxía

Bloque 4. Os Xogos e as actividades deportivas	3º ESO
Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
EFB4.1.1 Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas, das actividades propostas, respectando as regras e as normas establecidas.	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario • Proba
EFB4.1.2 Autoevalúa a súa execución con respecto ao modelo técnico formulado	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario • Proba
EFB4.1.3 Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> • Proba • Cuestionario
EFB4.1.4 Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas • Rexistro
EFB4.1.5 Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación, adaptándose as variacións que se producen, e regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro • Proba
EFB.4.2.1 Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas.	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro
EFB.4.2.2. Describe e pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas	<ul style="list-style-type: none"> • Planilla
EFB.4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisión nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro • Planilla
EFB.4.2.4 Reflexiona sobre a situación resolta valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa
<p>Metodoloxía: Variará en función das necesidades .</p> <p>O estilo de ensino aprendizaxe serán en principio de búsqueda con pequenas orientacións guía no proceso, por parte do profesor que irán levando ós alumnos á solución ou solución dos problemas perceptivos e decisionais plantexados. Polo tanto, seguiremos o formato do descubrimento guiado en cuestión de iniciación a táctica individual (desmarque e marcase). A continuación, utilizaremos tanto un estilo directivo nas primeiras etapas como un aprendizaxe recíproco mais adiante no aprendizaxe da técnica.</p>	

5. UNIDADES DIDÁCTICAS PARA CADA CURSO DA ETAPA (1º, 2º e 3º)

5.1. CURSO: 1º ESO

	1º ESO	Sesións
1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación e sesións introductorias: prevención, hixiene e protección fronte a COVID 19 • Avaliación inicial • “Traballar as capacidades físicas relacionadas coa saúde” • “En forma coa comba”. • “Aprendemos primeiros auxilios” • ”Imos a xogar” (realizárase xogo libre en determinadas sesións ao longo do trimestre) 	<p>1</p> <p>2</p> <p>10</p> <p>6</p> <p>2</p> <p>2</p>
2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • “Xogamos as pas ” • “Buscando o ritmo” • ”Imos a xogar” (realizárase xogo libre en determinadas sesións ao longo do trimestre) 	<p>10</p> <p>8</p> <p>2</p>
3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • “O senderismo” • “Do Cachibol ao Voleibol” • ”Imos a xogar” (realizárase xogo libre en determinadas sesións ao longo do trimestre) • “Nadamos” • 	<p>4</p> <p>10</p> <p>2</p> <p>2</p>
Xuño	<ul style="list-style-type: none"> • “Nadamos” 	<p>3</p>

1ª UNIDADE DIDÁCTICA:**”TRABALLAMOS ÁS CAPACIDADES FÍSICAS RELACIONADAS COA SAÚDE”****” INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.**

O alumnado de 1º ESO está nun estadio evolutivo no cal se están a consolidar as sinapsis, co que os parámetros de coordinación, tempo e espacio se configuran como os parámetros básicos, dende a percepción do corpo en relación ós mesmos, que delimitarán gran parte da eficiencia motriz do suxeito en sucesivas etapas. Para isto, convén o afianzamento das habilidades básicas, tratando de chegar ó máximo nivel de desenvolvemento do suxeito con respecto ás mesmas, non só perfeccionando a súa execución, senón mellorando os mecanismos perceptivos e decisionais que se precisan á hora de combinalas ou de actuar con un certo grao de incertidumbre.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº1: CAPACIDADES FÍSICAS RELACIONADAS COA SAÚDE	CURSO: 1º ESO
CONTIDOS	
<ul style="list-style-type: none"> • Fases de activación e de recuperación, e o seu significado coma hábito saudable na práctica da actividade física. • Execución de xogos e actividades apropiadas para cada parte da sesión. • Atención ó aseo persoal e ó uso axeitado da indumentaria. • Condición física. Desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo primordialmente nas relacionadas coa saúde. • Introducción ós principios sobre unha alimentación saudable. • A frecuencia cardíaca e respiratoria coma indicadores do esforzo. • Métodos básicos para o desenvolvemento das capacidades físicas dende un enfoque saudable. • Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a millora desta. • Principios de ergonomía e hixiene postural e a súa aplicación na práctica de actividades físicas e na vida cotiá. • Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos. 	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta as recomendacións de aseo persoal necesarias para esta. • Recoñecer a aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control de intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde. • Desenvolver as capacidades físicas máis salientables dende a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da súa saúde, amosando unha actitude de autoesixencia no seu esforzo. • Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas físico-deportivas adaptadas propostas. 	

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. • Prepara e realiza quencementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que vanse realizar, seguindo as orientacións dadas. • Respeita os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física. • Recoñece a actividade física coma un hábito beneficioso para a saúde. • Identifica as capacidades físicas básicas en distintos tipos de actividade física e explica algunha das características destas. • Coñece pautas básicas de correcta alimentación valorando a súa influencia nunha axeitada calidade de vida. • Utiliza a frecuencia cardíaca para controlar a intensidade do seu esforzo na práctica da actividade física. • Iníciase na participación activa das actividades para a millora das capacidades físicas dende un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. 		
<ul style="list-style-type: none"> • Acada niveis de condición física saudable acordos ao seu intre de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. • Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas coma medio de prevención de lesions. • Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis simples, respetando as regras e as normas establecidas. 		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> • Observación directa. • Probas prácticas. • Cuestionarios. 	COMPETENCIAS <p>Competencia social e cívica.</p> <p>Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía.</p> <p>Competencia aprender a aprender.</p> <p>Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>	METODOLOXÍA <ul style="list-style-type: none"> • Mando directo. • Asignación de tarefas. • Resolución de problemas. • Organización individual. • Organización grupo reducido. • Organización gran grupo.
RECURSOS: Balóns. Cordas. Conos. Canastas. Porterías. Vallas. Bancos suecos. Colchonetas. Quitamedos.		

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRICIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº1	TÍTULO: TRABALLAMOS AS CAPACIDADES FÍSICAS.
TEMPORALIZACIÓN: •Do día 15 de setembro ó día 30 de outubro de 2021 : 13 sesións	
Sesión 1	Descrición básica dos contidos por sesión
Sesión 2	Os desprazamentos en equilibrio e velocidade: circuitos e xogos de carreiras seguindo as liñas, seguindo cordas, aros, bancos suecos...

Sesión 3	Os desprazamentos en diferentes accións: rodando, hacia atrás, entre dous, co apoio de diferentes segmentos corporais... Xogos de persecución, carreiras de relevos, xogos de cooperación de todo o grupo utilizando estes tipos de desprazamentos.Xogos de relevos.
Sesión 4	Os cambios de nivel: a reptación, a cuadrupedia, as cuclillas... ata a carreira de obstáculos. Combinación de distintos tipos de desprazamentos con saltos en altura e lonxitude.
Sesión 5	A forza como factor de execución.Utilización de desprazamentos e saltos para o seu desenvolvemento.
Sesión 6	A resistencia como factor de execución. Realización de circuitos de obstáculos.
Sesión 7	A velocidade como factor de execución.Toma de conciencia das velocidades e regularidade da carreira.
Sesión 8	O equilibrio e os lanzamentos. Os diferentes lanzamentos no atletismo
Sesión 9	O equilibrio nas carreiras, saltos e xiros
Sesión 10	Avaliación.

2ª UNIDADE DIDÁCTICA: EN FORMA COA COMBA

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

O salto de comba constitúense nun contido que, debido á implicación da gran cantidade de capacidades humanas (físicomotrices, psicomotrices, sociomotrices, afectivomotrices, cognoscitivomotrices) adquire enorme importancia no desenvolvemento motor do alumnado. Aquí trataremos de ofrecer unha visión innovadora da metodoloxía de ensino da comba, se ben somos conscientes de que é un proceso longo, que trataremos de continuar e complementar ó longo de toda a E.S.O.

UNIDADE DIDÁCTICA 2ª :EN FORMA COA COMBA	Curso: 1ºESO
CONTIDOS	
<ul style="list-style-type: none"> • Respeto e aceptación das regras nas actividades practicadas. • Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, coma fenómeno social e cultural. • Aceptación do propio nivel de execución así como os das demais persoas, e disposición positiva cara a súa millora. • Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións de comba individual e colectiva. • Práctica de actividades e coreografías coa comba. • Execución de habilidades motrices técnico-tácticas simples vinculadas aos saltos de comba. • Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos saltos de comba. 	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas coma formas de inclusión social e a participación doutras persoas 	

<p>independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resolver situacións individuais simples aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas das actividades físico-deportivas adaptadas propostas. • Resolver situacións de colaboración utilizando as estratexias máis xeitadas. 		
<p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</p> <ul style="list-style-type: none"> • Amona tolerancia e deportividade • Colabora nas actividades grupais, respetando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para o logro dos obxectivos. • Respeto ás demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza. • Aplica os aspectos básicos e das habilidades específicas adaptadas mais simples, respetando as regras e as normas establecidas. • Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de inicio, amosando actitudes de esforzo e de superación axeitado á súa idade. 		
<p>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Observación directa. • Probas prácticas. • Traballos colaborativos 	<p>COMPETENCIAS</p> <p>Competencia social e cívica.</p> <p>Competencia aprender a aprender.</p> <p>Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>	<p>METODOLOXÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Mando directo. • Asignación de tarefas. • Resolución de problemas. • Organización individual. • Organización grupo reducido. • Organización gran grupo.
<p>RECURSOS: Combas curtas e longas . conos. Balóns de baloncesto, e grabación en vídeo</p>		

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 2	TÍTULO: EN FORMA COA COMBA.
<p>TEMPORALIZACIÓN: Do día 2 de novembro ó día 30 de novembro de 2021 : 8 sesións</p>	
Sesión	Descrición básica dos contidos por sesión.
Sesión 1	Salto e recepción no chan,
Sesión 2	Os diferentes tipos de saltos
Sesión 3	Saltos por parejas.
Sesión 4	Saltos en grupo.
Sesión 5	Realización de coreografías con la comba.

Sesión 6	Colaboración co alumnado menos capaz.
Sesión 7	Traballo en equipo a través das combas.
Sesión 8	Comba colectiva e diferentes retos coa comba

3ª UNIDADE DIDÁCTICA: “APRENDEMOS PRIMEIROS AUXILIOS”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

É necesario destacar a importancia dos primeiros auxilios como contido dentro da Educación Física, transmitindo ao alumnado unha serie de coñecementos básicos e ensinándolles pautas de actuación ante os accidentes e lesións máis frecuentes na actividade física. É un contido que pode resultar de extraordinaria utilidade para o alumnado, pola súa aplicabilidade e funcionalidade na vida cotiá. En Educación Física debemos dotar ao alumnado dos coñecementos, habilidades e actitudes necesarias para que a práctica sexa máis segura e poida actuar ante determinadas situacións accidentais básicas, tanto deportivas como cotiás ou de lecer.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer as principais normas de prevención,
- pautas de actuación e primeiros auxilios.
- Practicar os primeiros auxilios ante as lesións máis frecuentes na práctica físico-deportiva.
- Valorar a importancia vital que teñen estes contidos.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

O estilo de ensino e aprendizaxe será variado, en función por unha parte das reaccións do alumnado e por outra parte dos obxectivos de cada tarefa ou sesión. Tratarase de utilizar estilo directo na primeira sesión para posteriormente ir hacia estilos de descubrimento en tódalas sesións . O traballo realizarase en parellas e en pequenos grupos, buscando o aprendizaxe recíproco entre eles.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 3	Título: APRENDEMOS PRIMEIROS AUXILIOS CURSO: 1ºESO
TEMPORALIZACIÓN: Do día 6 de decembro ó día 21 de decembro 2021: 4 sesións	
Sesión 1	Explicación y realización práctica da Reanimación Cardiovascular tanto en bebés, nenos ou adultos
Sesión 2	Explicación e práctica do uso do DESA (Desfibrilador Semiautomático)
Sesión 3	Cómo actuar ante atragoamentos. A manobra de Heimlich tanto en bebés, nenos ou adultos
Sesión 4	Avaliación: realización por parellas das pautas de actuación

4ª UNIDADE DIDÁCTICA: ¡IMOS XOGAR!

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

O xogo no medio cotián constitúese, nunha época na que as persoas desta idade non fan actividade física habitualmente, na forma mais asequible de asegurar, si se convirte nun hábito, unha relación interpersoal coas xentes do entorno (de idades semellantes), así como favorecer unha práctica, se non sistemática, sí habitual dentro do horario de actividades de lecer dos alumnos.

Os xogos con música son un elemento favorecedor de outros valores como desinhibición, participación en actividades non habituais e poñer en xogo outro tipo de relación social de desenvolvemento psico e sociomotor. Os xogos tradicionais da comunidade poden servir para descubrir nos alumnos o valor das tradicións que permanecen no tempo.

UNIDADE DIDÁCTICA 4ª : IMOS XOGAR	CURSO:1ºESO
--	--------------------

CONTIDOS

- Actividades físicas coma base dos estilos de vida saudable.
- Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde.
- Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas.
- Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.
- Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural e a súa aplicación en diferentes ámbitos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Controlar as dificultades e os riscos ó longo da súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.
- Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas das actividades físico-deportivas adaptadas propostas.
- Resolver situación motoras simples de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <ul style="list-style-type: none"> • Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para un mesmo ou para os demais. • Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do seu entorno. • Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas mais simples, respetando as regras e as normas establecidas. • Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e de superación axeitados á súa idade. • Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. 		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN Cuestionarios. <ul style="list-style-type: none"> • Probas prácticas. • Traballos colaborativos. • Observación indirecta. 	COMPETENCIAS Competencia social e cívica. Competencia aprender a aprender. Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	METODOLOXÍA <ul style="list-style-type: none"> • Estratexia global • Estratexia analítica • Organización individual. • Organización grupo reducido. • Organización gran grupo.
RECURSOS: Espaldeiras. Caixóns do plinto. Redes. Porterías. Planos. <ul style="list-style-type: none"> • Balóns. Conos. Compases. Escalímetros. • Reglas. Follas de control. 		

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 4	¡ IMOS XOGAR !
TEMPORALIZACIÓN: ao longo do primeiro trimestre 2021	
Sesión 1	O medio como instalación para o xogo. Experimentación de xogos populares (polis e cacos, o marro, as agachadas, o pano...) en distintos lugares que o medio permite (campos de deportes do recinto escolar, zonas boscosas, campos...). Explicación da importancia da explotación e coidado do medio no que vivimos, así como fincapé nas principais características do mesmo no noso concello.
Sesión 2	Os deportes no medio cotián. A adaptación do espacio. Practicar os deportes que mais lles gustan nos lugares que inicialmente non están habilitados para elo. Xogar ó volei nun prado, ó hockey nun lugar arbolado, ó fútbol (3x3) nunha explanada, ó rugby nunha costa...

5ª UNIDADE DIDÁCTICA: “BUSCANDO O RITMO”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN

A través das técnicas desta unidade didáctica trátase de tener un maior coñecemento das posibilidades e limitacións de noso corpo, así como de establecer unha relación cos compañeiros mediante a expresión e a comunicación e a través do espazo e o tempo.

A Unidade desenvolverase durante o terceiro trimestre.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer os medios técnicos de expresión corporal.
- Utilizar a relaxación e a respiración como método para mellorar o equilibrio psicofísico.
- Desenvolver as actividades con creatividade e participar de forma desinhibida.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

O estilo de ensino e aprendizaxe será variado, en función por unha parte das reaccións dos alumnos-as e por outra parte dos obxectivos de cada tarefa ou sesión. Tratarase de utilizar estilos de descubrimento en tódalas ocasións. O traballo será ben en gran grupo, ben en grupos pequenos ou parellas, buscando o aprendizaxe recíproco entre eles.

TEMPORALIZACIÓN. ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRICIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 5	BUSCANDO O RITMO
TEMPORALIZACIÓN: Do día 10 de xaneiro ó día 4 de febreiro 2022 8 sesións	
Sesión 1	Posibilidades de expresión con diferentes partes do corpo.
Sesión 2	A respiración . Armonización cos movementos corporais.
Sesión 3	O espazo. Utilización do espazo como medio de expresión e comunicación.
Sesión 4	A relaxación. Utilización de contrastes e comunicación no verbal.
Sesión 5-6-7-8	El ritmo. Reproducción e adaptación do movemento a estruturas rítmicas. O gim-Jazz. Danzas autóctonas etc... Taballos grupais dos alumnos.

ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN.

Dado que os obxectivos desta unidade son predominantemente de tipo afectivo-actitudinal, mais que tratar de avaliar a destreza acadada por cada suxeito tecnicamente, trataremos de levar a cabo **unha avaliación continua** no seu sentido mais estricto, é dicir, tomando anotacións día a día acerca dos progresos na atención, no interese, na desinhibición

e participación. A **avaliación inicial** estará identificada coas primeiras sesións, de onde sacaremos información acerca do seu coñecemento do tema, e a sumativa será o resultado final do rexistro diario mais do traballo grupal feito por eles.

6ª UNIDADE DIDÁCTICA: “OS DEPORTES DE ADVERSARIO. INICIACIÓN A DEPORTES DE RAQUETA AS PAS”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

Nunha sociedade na que a esixencia de rendemento se produce cada vez a mais temprana idade, é conveniente proporcionar ós alumnos e alumnas uns hábitos de traballo en equipo e cooperación, pero tamén é necesario facer ver que a oposición pura a un adversario non ten por qué connotar conflito, nin moito menos violencia, senón que require da aplicación do máximo esforzo individual e, de non lograr o obxectivo, comprender que o adversario actuou mellor. É dicir, educar para aceptar as propias limitacións pero tamén para buscar a autosuperación.

Ademáis a actividade físico deportiva de combate pode utilizar implementos que supón unha ampla gama de habilidades pertencentes a diferentes deportes e actividades predeportivas que permitirán, ás persoas habituas ó seu manexo, posuír un amplo espectro de actividades que poder levar a cabo en cáseque calquera ámbito, tanto artificial ou adaptado (pádel, tenis, tenis de mesa, bádminton...)

Por todos estes motivos consideramos necesaria a aplicación dunha unidade didáctica na que os alumnos e alumnas compitan entre sí un contra un e os deportes de loita e con implementos como os citados considerámoslos axeitado para lograrlo. Isto é o que trataremos de facer nesta unidade didáctica.

Ubicámola na terceira avaliación.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Familiarizarse co manexo de móbiles mediante implementos: palas, raquetas...
- Asimilar esas habilidades como parte fundamental dun futuro aprendizaxe deportivo (bádminton, tenis...)
- Recoñecer a accesibilidade cáseque en calquera medio da práctica deportiva con implementos.
- Desenvolver un interese e unha notable afección pola práctica destas actividades físicas e deportivas.
- Identificar, asimilar e comprender os conceptos “cooperación” e “oposición”, e asumir a importancia dos mesmos en tódalas actividades humanas.
- Resolver problemas derivados da oposición motriz pura contra adversarios, así como asumir os roles e identificar as accións motrices nunha situación de cooperación-oposición.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Os estilos de ensino e aprendizaxe que usaremos nesta unidade didáctica tenderán, fundamentalmente, á directividade, tanto no aprendizaxe técnico de manexo dos implementos como no control, adaptación, progresión etc. do móbil a través de ditos implementos. No xogo por parellas, sin embargo, predominará un estilo de descubrimento que guíe o aprendizaxe táctico individual .

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 6	Título: “OS DEPORTES DE ADVERSARIO. INICIACIÓN A DEPORTES DE RAQUETA : AS PAS.”
TEMPORALIZACIÓN: Do día 7 de febreiro ó día 24 de marzo 2022 10 sesións	
Sesión 1	O deporte: concepto, clasificacións. Os deportes de adversario: loita e raqueta. Os deportes de raqueta: tipos e xeralidades regulamentarias. O bádminton: a raqueta, o espacio, o volante, o sistema de puntuación. Experimentamos coa raqueta e o volante. Golpeos.
Sesión 2	O xogo de cooperación. Xogo en grupos de 4 ou 5 tratando de que non caia o volante no chan. Carreiras de relevos mantendo a pluma no aire. Situacións de pase cooperativas.
Sesión 3	O xogo 1+1, 2+2 ... Os tipos básicos de golpeo: dereito, revés, alto, medio, baixo. As traxectorias da pelota: directas, tensas, semitensas, bombeadas... A experimentación de tódolos tipos de golpeo.
Sesión 4	Os desprazamentos no tenis: as indicacións básicas e a importancia da mobilidade no xogador. O regulamento e forma de xogo: o xogo individual.
Sesión 5	O regulamento e forma de xogo: o xogo de dobres.
Sesión 6	Outros deportes de raqueta: especificacións materiais, espaciais, de puntuación...Xogos con ditos materiais.
Sesión 7-8	Partidillos de tenis individual e dobres mixtos
Sesión 9-10	Avaliación.Xogo con raqueta aplicación dunha escala descriptiva.

ORIENTACIÓN SOBRE A AVALIACIÓN

A avaliación desta unidade didáctica preséntase como moi complexa para nós, polo que ten por unha parte de compoñente actitudinal no seu plantexamento, e pola falta de criterios de avaliación concretos que poidamos aplicar de forma cuantitativa para cada alumno ou alumna.

Así pois, levaremos a cabo unha avaliación predominantemente cualitativa, na cal valoraremos a evolución na capacidade de elaborar estratexias de cooperación para acadar obxectivos comúns e poñelas en práctica. Tamén se valorarán os mesmos indicadores para as actividades de oposición pura, e incluso para as actividades de cooperación e oposición. Teremos en conta, tamén, a evolución na capacidade de cooperar, así como na posta en práctica de actividades de un contra un, tanto nos mecanismos de percepción e decisión, como no mecanismo de execución.

Nas dous últimas sesións, aplicaremos una observación sobre un xogo de raqueta na que ademáis observárase os golpes utilizados no xogo e a ocupación espacial.

8ª UNIDADE DIDÁCTICA: “OS DEPORTES SOCIOMOTRICES. O BALONCESTO”.

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

Os deportes de equipo constitúense nun contido que, debido á implicación de grande cantidade de capacidades humanas (físicomotrices, psicomotrices, sociomotrices, afectivomotrices, cognoscitivomotrices) adquire enorme importancia no desenvolvemento motor dos alumnos. Pero a complexidade no seu ensino fai que en moitas ocasións se limite a súa capacidade educativa á adquisición de parámetros técnicos e, en raras ocasións, tácticos. Aquí trataremos de ofrecer unha visión innovadora metodolóxica de ensino dos deportes de equipo, se ben somos conscientes de que é un proceso longo, que trataremos de continuar e complementar ó longo de toda a E.S.O.

A unidade didáctica desenvolverase no segundo trimestre.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer os deportes de equipo.
- Familiarizarse co móvil, co tempo e espacio, coas principais acotacións regulamentarias e coa relación cos compañeiros e adversarios.
- Asimilar os patróns tácticos de marcaxe e desmarque.
- Aprender a manexar o móvil, a progresar con él, a lanzalo, pasalo e recepcionalo.

ORIENTACIÓN METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Os estilos de ensino e aprendizaxe serán en principio de búsqueda con pequenas orientacións guía no proceso, por parte do profesor que irán levando ós alumnos á solución ou solucións dos problemas perceptivos e decisoriais plantexados. Por tanto, seguiremos o formato do descubrimento guiado en cuestións de iniciación á táctica individual (desmarque e marcaxe). A continuación, utilizaremos tanto un estilo directivo nas

primeiras etapas como un aprendizaxe recíproco mais adiante no aprendizaxe da técnica. A organización da clase será en gran grupo na maioría das situacións.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRICIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 8	Título: “OS DEPORTES SOCIOMOTRICES. O BALONCESTO”
TEMPORALIZACIÓN: Do día 25 de abril ó día 22 de abril 2022 : 12 sesións	
Sesión	Descrición básica dos contidos por sesión
Sesión 1-2	Os deportes de equipo: elementos comúns. Móvil, compañeiros, adversarios, espazo, tempo, regulamento. As habilidades comúns a tódolos deportes de equipo: manexo e control do móvil, desprazamento e progresión, marcaxe e desmarque, pase, lanzamento, posicións básicas... Iniciación mediante xogos predeportivos, rondos, 10 pases, 2x1... explicacións da universalidade das situacións para todos os deportes de equipo.
Sesión 3-4	O baloncesto, control, adaptación, manexo e progresión co móvil.
Sesión 5-6	Xogos de pases en baloncesto con/sen bote, asimilación do ciclo de pasos do baloncesto, xogos en superioridade atacante.
Sesión 7	O deporte do baloncesto: regulamento básico. A progresión e o tiro en baloncesto sen oposición. O 2x0, pases e lanzamentos.
Sesión 8	O xogo dos dez pases con superioridade atacante (numérica, de movementos...). A restricción do espazo para o defensor. Finalización en canastra.
Sesión 9	O 2x1 con finalización en tiro. As carreiras de pases 3x0.
Sesión 10	O 1x1 con restriccións do defensor. O 1x1+1.
Sesión 11-12	O 3x3+1. 3x3 con restriccións dos defensores. Avaliación.

ORIENTACIÓN S SOBRE A AVALIACIÓN.

A **avaliación inicial** levarémola a cabo sobre os contidos das primeiras sesións, anotando nunha folla de rexistro deseñada a tal efecto acerca da destreza que amosen os alumnos-as acerca dos contidos conceptuais e procedimentais a impartir. A partir de ahí axustaremos as sesións ó nivel do grupo.

A **avaliación formativa** constará de un rexistro diario onde se reflicta a evolución dos alumnos-as nos contidos procedimentais e acerca da adquisición dos contidos actitudinais.

A **avaliación sumativa** constará da evolución apreciada na comparación das anteriores, e da observación da destreza final adquirida no xogo global.

9ª UNIDADE DIDÁCTICA: O FLOORBALL COMO DEPORTE ALTERNATIVO

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

A actividade físico deportiva con implementos supón unha ampla gama de habilidades pertencentes a diferentes deportes e actividades predeportivas que permitirán, ás persoas habitúadas ó seu manexo, posuír un amplo espectro de actividades que poder levar a cabo en calquera ámbito, tanto artificial ou adaptado (pádel, tenis, tenis de mesa, hockey patíns, hockey sala...), como seminatural (pelota basca, golf) como natural (palas na praia, béisbol na praia ou nun campo...). Así, e tendo en conta o enriquecemento no plano motor que supón o dominio do xogo con implementos ademais desta riqueza na amplitude de expectativas de práctica deportiva, o xogo con implementos pode ser considerado como unha aprendizaxe básica dentro da evolución motriz dos alumnos.

Curso 2º ESO __O FLORBALL COMO DEPORTE ALTERNATIVO					
TEMPORALIZACIÓN: Do día 21 de marzo ó día 3 de xuño 2022 : 12 sesións					
CONTIDOS					
B4.1.	O Xogo, actividades deportivas individuais e de adversario.				
B.4.2	Perfeccionamento técnico e aplicación de normas tácticas fundamentais para a realización de xogos e actividades deportivas alternativos.				
B.4.4	Aplicación do coñecemento dos fundamentos básicos técnicos e tácticos así coma os regulamentarios dun deporte alternativo.				
B1.3	Prevención dos elementos de risco asociados ás actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, ao contorno, á fatiga e aos materiais e os equipamentos				
B1.5	B1.5. Integración social nas actividades físico-deportivas.				
CRITERIOS DE AVALIACIÓN					
		Esta	Ct	Ie	Cp
B4.2	Solucionar de xeito creativo situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos recreativos, adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	4.2 4.2.3 4.2.5			CAA CSC CSIE E
B1.3.	Amosar un comportamento persoal e social responsable respectándose a si mesmo/a, ás outras persoas e o contorno, no marco da actividade física	1.2.2 1.2.3			CSIE E
B1.5.	Integración social nas actividades físico-deportivas	1.3.2			CSC
ESTANDARES DE APRENDIZAXE					
EFB4.2.	Colabora con participantes nas actividades físico-deportivas nas que se produce colaboración ou colaboración-oposición, e explica a achega de cadaquén.				
EFB4.2.3	Desempeña as funcións que lle corresponden nos procedementos ou sistemas postos en práctica para conseguir os obxectivos colectivos.				
EFB4.2.5	Formula estratexias ante situacións de colaboración oposición adaptándose as características dos participantes				
EFB1.2.2	Usa os materiais e os equipamentos atendendo ás súas especificacións técnicas				

EFB.1.3.2	Facilita a integración doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.	
COMPETENCIAS	METODOLOXÍA	INSTRUMENTOS
1.C.Linguística CCL	1 Mando directo	Observacion directa
2.C.Matemática e en ciencia e tecnoloxía CMCT	2 Descubrimento guiado	Pruebas prácticas
3.C. Dixital CDIG	3 Org x grupos reducidos	Rúbricas
4.C.Aprender a aprender CAA		
5.C.Sociais e cívicas CSC		
6.C.Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CSIEE		
7.C.Conciencia e expresións culturais CEC		
RECURSOS: sticks, bolas, pivotes, petos, asubio, porterías		

TEMPORALIZACIÓN.ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 9	O FLOORBALL COMO DEPORTE ALTERNATIVO. 2º ESO
Sesión 1	Presentación da unidade didáctica.Utilización dun vídeo.
Sesión 2	O implemento: concepto, utilización e deportes que o precisan. O hockey (tipos), a pelota vasca, os deportes de raqueta, o béisbol, o criquet, o croquet, o billar, o polo, o lacrosse, cesta punta... Tipos de implementos. O stick, agarre, golpeo e control. Manter a bola no aire, con ambas caras do stick, golpes repetidos contra a parede...
Sesión 3	Circuito de adquisición de técnica do stick. Control, adaptación, progresión, zig-zag, elevación de bola, golpeo en precisión, xiros sobre un mesmo coa bola controlada, etc.
Sesión 4	Introducción ó pase estático con ambas caras do stick, pase en movemento, exercicios por parellas sen oposición. Golpeo á portería (conos) ó finalizar a carreira de pases.
Sesión 5	O regate e a progresión con bola controlada en velocidade. Circuito de habilidade 1x0.
Sesión 6	Exercicios con limitación espacio temporal de 2x1 con finalización en gol. Xogos con portería de 3x2.
Sesión 7	Cos valados de porterías e os campos de banda a banda, xogos 2x2 en unha portería con restriccións técnicas para os defensores e axudas para os atacantes.
Sesión 8	Xogo global 4x4 e 5x5. Regulamento do floorball.
Sesión 9	Xogo de floorball.Competición entre equipos de clase.
Sesión 10	Competición e avaliación

ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN.

A avaliación inicial constará dun sondeo acerca dos coñecementos das actividades físicas e deportivas que precisan implementos que os alumnos e alumnas posúen, así como unha observación asistemática do grao de dominio dos implementos. A partir de aí determinamos o nivel inicial, que iremos comprobando co paso do tempo mediante a observación da evolución das habilidades específicas de manexo de implementos e iniciación deportiva que comprende esta

unidade didáctica.

A avaliación sumativa comprenderá, por unha parte, a consideración de tódolos datos que tomamos das sucesivas observacións, por outra o grao de habilidade acadado polo suxeito no circuito proposto e, sobre todo, a ponderación da consecución de obxectivos de carácter fundamentalmente actitudinal.

10ª UNIDADE DIDÁCTICA: NATACIÓN

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN

Nesta unidade didáctica realizarase no mes de xuño. A selección dos contidos apoiarase nos aprendizaxes fundamentais da natación. trátase Estará dirixida a todos e cada un dos alumnos e alumnas. Cada un debe ter a posibilidade de aprender desde a súa situación ou nivel. O cal nos leva por unha banda a establecer unha pedagogía diferenciada que implica deseñar situacións abertas que permitan realizar adaptacións individuais (utilizando variables didácticas) en función das respostas ou necesidades do alumnado, e por outro a concibir unha avaliación relativa que poña no tapete os progresos e aprendizaxes adquiridos por cada un. supón.

Se a adquisición e mellora das condutas motrices é unha das dúas grandes finalidades da EF, esta actividade (polas condicións do medio no que se desenvolve) ofrece a posibilidade de lograr novas condutas motrices que van permitir ao alumnado unha mellor adaptación ao medio acuático. As condutas motrices «terrestres» a penas van servirle no novo medio e por tanto verase obrigado a construír outras novas. O docente ten a enorme posibilidade de utilizar unha contorna diferente cargada de posibilidades educativas. Se ademais valoramos a implicación afectiva, a carga emocional da actividade e a utilidade da mesma podemos concluír que é moi interesante considerar a súa inclusión nas programacións de EF.

Levarase a cabo no mes de xuño. O concello ten una piscina descuberta e por mor do tempo só a utilizamos nese mes.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Mellorar as capacidades básicas a través do medio acuático.
- Coñecer e ser capaces de levar a cabo un quecemento xeral e específico no medio acuático.
- Desenvolver calidades motrices utilizando o xogo como medio.
- Concienciar sobre o esquema corporal.
- Utilizar e mellorar a comunicación en devandito medio.
- Concienciar para a mellora e conservación do medio natural.

Tamén contribúe ao desenvolvemento dos contidos transversais: - Educación para a paz xa que coas actividades que se propoñen pretendemos fomentar aos nosos alumnos actitudes de cooperación, autonomía, deportividade etc..., actitudes que baixo unha perspectiva educativa contribúen á educación para a paz. - Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos, posto que as actividades que propoñemos teñen como común denominador o respecto e valoración das características de ambos os sexos.

ORIENTACIÓN METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Técnica de enseñanza: Instrucción directa o indagación. Modificación del mando directo, asignación de tarefas, descubrimiento guiado, enseñanza recíproca, resolución de problemas, cooperación. *Estrategia en la práctica:* global o analítica.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRICIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 8	NATACIÓN
TEMPORALIZACIÓN: Do día 3 de xuño ó día 20 de xuño 2022: 6 sesións	
Sesión 1	“Póñome en forma”
Sesión 2	“Movémonos como peixes na auga”
Sesión 3	“Gústanos xogar”
Sesión 4,5 e 6	“Exprésome no medio acuático”

ORIENTACIÓN SOBRE A AVALIACIÓN.

A avaliación nesta unidade didáctica comprenderá, en gran medida, a actitude ante as actividades propostas en tres aspectos a ter en conta: primeiro, a actitude ante a práctica e nun medio diferente, o acuático, segundo, a actitude ante esta actividade.

Así, a **avaliación inicial** estará constituída pola observación das actitudes nunha primeira sesión. A **avaliación formativa** constará da observación e retroalimentación constante da evolución dos alumnos e alumnas, e a **avaliación sumativa** terá en conta todo este proceso para a formulación dun informe onde se reflicta a evolución do alumnado nestes aspectos e ademais eles presentarán xogos que terán que recoller da consulta en libros, internet etc..

5.3. CURSO: 3º ESO

	3º CURSO	Sesiões
1ª Avaliación	• Presentación e sesións introductorias: prevención, hixiene e protección fronte a COVID 19	1
	• Avaliación inicial	2
	• “Comprobo meu grao de condición física”	12
	• “Danzas do mundo”	6
	• “Repasamos primeiros auxilios”	1
	• ”Imos a xogar” (realizarase xogo libre en determinadas sesións ao longo do trimestre)	2
2ª Avaliación	• “Xogamos ao tenis”	8
	• “Xogamos ao baloncesto”	8
	• “A cooperación-oposición. O Acrosport”	4
	• ”Imos a xogar” (realizarase xogo libre en determinadas sesións ao longo do trimestre)	2
3ª Avaliación	• “ O floorball como deporte alternativo”	8
	• “Orientación no medio natural”	
	• A natación	6
	• ”Imos a xogar” (realizarase xogo libre en determinadas sesións ao longo do trimestre)	5 7
	• A natación	3

**1ª UNIDADE DIDÁCTICA:
“COMPROBO MEU GRAO DE CONDICIÓN FÍSICA”**

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

A pesar de que outras áreas do currículo se encargan de explicar de xeito teórico o funcionamento do organismo nos seres vivos, entre eles o ser humano, creemos que é unha función primordial da educación física amosar dende e para a práctica as distintas funcións que poden desenvolver os compoñentes do corpo humano, cales son as capacidades físicas e que grao de aptitude física poséese. Por isto, consideramos necesaria a súa inclusión no currículo neste curso, para que tódolos aprendizaxes posteriores na educación física se asenten sobre uns sólidos coñecementos acerca de tódolos procesos que teñen lugar á hora de realizar actividade físico-deportiva.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº1: COMPROBO O MEU GRAO DE CONDICIÓN FÍSICA	CURSO: 3º ESO
---	----------------------

CONTIDOS

- B1.1. Control da intensidade do esforzo adaptado a cada fase da sesión de actividade física.
- B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.
- B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas.
- B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.
- B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable
- B3.2. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación.
- B3.3. Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva
- B3.4. Adestramento: intensidade, volume e densidade do esforzo, e a súa relación cos sistemas metabólicos de obtención de enerxía.
- B3.5. Control da frecuencia cardíaca cara á mellora dos factores da condición física. B3.6. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde
- B3.8. Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde.
- B3.9. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- B1.1. Desenvolver actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.
- B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.
- B3.1. Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación
- B3.2. Desenvolver as capacidades físicas de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <ul style="list-style-type: none"> • FB1.1.1 Relaciona a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados • EFB1.1.2 Prepara e realiza quecementos e fases finais de sesión de acordo co contido que se vaia realizar, de forma autónoma e habitual. • EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno para a realización de actividades físico-deportivas. • EFB3.1.2. Asocia os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde. 		
<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva • EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora de diferentes factores da condición física. • EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde • EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento • EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades 		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> • Observación directa. • Probas prácticas. • Cuestionarios. 	COMPETENCIAS <p>Competencia social e cívica.</p> <p>Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía.</p> <p>Competencia aprender a aprender.</p> <p>Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>	METODOLOXÍA <ul style="list-style-type: none"> • Mando directo. • Asinación de tarefas. • Resolución de problemas. • Organización individual. • Organización grupo reducido. • Organización gran grupo.
RECURSOS: Balóns. Cordas. Conos. Valados. Bancos suecos. Crono. Colchonetas. Quitamedos.		

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 1	COMPROBO MEU GRAO DE CONDICIÓN FÍSICA.	
TEMPORALIZACIÓN: do 15 de setembro ao 30 de outubro 2021		12 sesións
Sesión	Descrición básica dos contidos por sesión	
Sesión 1	Visualización dun vídeo sobre as Capacidades físicas. Factores que inciden sobre a condición física. Efectos do exercicio físico sobre a saúde. Beneficios, riscos, Hábitos, alimentación.	
Sesión 2	A resistencia aeróbica. Carreira continua de alta duración e baixa intensidade, controlando mediante a frecuencia cardíaca e recordando o xa aprendido acerca do aparato cardiorrespiratorio.	
Sesión 3	A resistencia aeróbica. Carreira continua de alta duración e baixa intensidade, controlando mediante a frecuencia cardíaca e recordando o xa aprendido acerca do aparato cardiorrespiratorio.	
Sesión 4	Os fundamentos da forza: o aparato locomotor. O sistema óseo articular e o sistema muscular. O traballo de forza-resistencia cos grandes grupos musculares. Realización dun circuito.	
Sesión 5	A flexibilidade. Comprobación do grao de flexibilidade. Actividades estáticas.	
Sesión 6	A velocidade de desplazamento. ¿Cales son as miñas características?	
Sesión 7	A resistencia mixta. Utilización de actividades de carácter continuo variable.	
Sesión 8	A forza. Realización de un circuito de forza-resistencia.	
Sesión 9	A velocidade. Utilización de actividades de velocidade de reacción.	
Sesión 10	A flexibilidade. Actividades de carácter dinámico activas e pasivas.	
Sesión 11	Utilización de procedementos de avaliación . Aplicación de test.	
Sesión 12	Proba teórica e entrega de traballos.	

2ª UNIDADE DIDÁCTICA.
“DANZAS DO MUNDO”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

Ó longo de todo o aprendizaxe que se produciu na educación física da educación obrigatoria dos alumnos e alumnas, aspectos de tipo psicomotriz ou neuromuscular, como a coordinación, o equilibrio, o ritmo ou a lateralidade tiveron unha grande presenza, moitas veces dun xeito analítico, moitas veces con tarefas que non presentaban unha aparente transferencia con accións habituais nin con habilidades básicas ou específicas. Agora pretendemos traballar estes contidos dun xeito global, dinámico, dende a aplicación real dun conxunto de habilidades.

Ademáis, os compoñentes afectivos deste tipo de motricidade (desinhibición, relación táctil, coeducación...), e a comprensión dun elemento como é a música (interdisciplinaria) fan deste tema un obxecto de estudo moi interesante para o alumnado.

UNIDADE DIDÁCTICA 7º: DANZAS DO MUNDO					
				CURSO: 3º ESO	
CONTIDOS					
B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.					
B2..2. Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual e colectivo.					
B2..3. Realización de bailes e danzas de carácter recreativo e popular.					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN		EA	CP	IE	CT
B1..2 Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.		B1.2.1 B1.2.2 B1.2.3	CSC	Observación	B1.2
Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos		B2.1.1 B2.1.2 B2.1.3 B2.1.4	CCEC	Trabajos colaborativos. Pruebas Prácticas. Grabación.	B2.1 B2.2 B2.3
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE					
B2.1.1.Utiliza técnicas corporais, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.					
B2.1.2 Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado.					
B2.1.3 Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras					
B2.1.4 Realiza improvisacións como medio de comunicación espontánea en parellas ou					

<p>grupos. B1.2.2.Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. B1.2.3.Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza</p>		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN <ul style="list-style-type: none"> • Observación directa. • Listas • Grabacións 	COMPETENCIAS Competencia social e cívica.(CL) Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía. CMCT Competencia aprender a aprender. (CAA) Competencia de iniciativa e espírito emprendedor CSIEE. Conciencia e expresi.cult. CCEC.	METODOLOXÍA <ul style="list-style-type: none"> • Mando directo • Asignación de tarefas. • Organización grupo reducido. • Organización gran grupo.
RECURSOS: Reproductor música. Aula ordenador. Video		

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 2	DANZAS DO MUNDO
TEMPORALIZACIÓN: do 2 de novembro ao 30 de novembro 2021	
	8 sesións
Sesión	Descrición básica dos contidos por sesión
Sesión 1	Presentación da unidades didáctica. Visualización dun vídeo.
Sesión 2	Memorización e creación de elementos coreográficos a ritmo dunha danza escollida (Polka, chapelois, baile galego...)
Sesión 3	Memorización e reprodución dunha danza rumana ou a Polonesa
Sesión 4	Memorización do ritmo e elementos coreográficos dunha danza do século XVII “Jenny pluck Pears” ou calquera das danzas seleccionadas
Sesión 5	Reprodución de tódalas danzas traballadas
Sesión 6	Montaxe dunha danza sinxela
Sesións 8	Coreografías das diferentes danzas

3ª UNIDADE DIDÁCTICA: “REPASAMOS PRIMEIROS AUXILIOS”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

É necesario destacar a importancia dos primeiros auxilios como contido dentro da Educación Física, transmitindo ao alumnado unha serie de coñecementos básicos e ensinándolles pautas de actuación ante os accidentes e lesións máis frecuentes na actividade física. É un contido que pode resultar de extraordinaria utilidade para o alumnado, pola súa aplicabilidade e funcionalidade na vida cotiá. En Educación Física debemos dotar ao alumnado dos coñecementos, habilidades e actitudes necesarias para que a práctica sexa máis segura e poida actuar ante determinadas situacións accidentais básicas, tanto deportivas como cotiás ou de lecer.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº3: APRENDEMOS PRIMEIROS AUXILIOS	
FÍSICA	CURSO: 3º ESO
CONTIDOS	
<ul style="list-style-type: none"> • B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas. • B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. • B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo. • B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde. • B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado. 	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> • B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento. • B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes. 	

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		
<ul style="list-style-type: none"> • EFB1.4.2. Describe os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno. • EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable. • EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. • EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. 		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS	METODOLOXÍA
<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa. • Probas prácticas. • Cuestionarios. 	Competencia social e cívica. Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía. Competencia aprender a aprender. Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	<ul style="list-style-type: none"> • Mando directo. • Asignación de tarefas. • Resolución de problemas. • Organización individual. • Organización grupo reducido. • Organización gran grupo.
RECURSOS: Maniquí RCP, Colchonetas...		

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer as principais normas de prevención,
- pautas de actuación e primeiros auxilios.
- Practicar os primeiros auxilios ante as lesións máis frecuentes na práctica físico-deportiva.
- Valorar a importancia vital que teñen estes contidos.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 3	Título: APRENDEMOS PRIMEIROS AUXILIOS
TEMPORALIZACIÓN: do 1 de decembro ao 20 de decembro 2021 6 sesións	
Sesión 1	Explicación y realización práctica da Reanimación Cardiovascular tanto en bebés, nenos ou adultos. Explicación e práctica do uso do DESA (Desfibrilador Semiautomático)
Sesión 2	Cómo actuar ante atragoamentos. A manobra de Heimlich tanto en bebés, nenos ou adultos

4ª UNIDADE DIDÁCTICA: ¡IMOS XOGAR!

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

O xogo no medio cotián constitúese, nunha época na que as persoas desta idade non fan actividade física habitualmente, na forma mais asequible de asegurar, si se convirte nun hábito, unha relación interpersonal coas xentes do entorno (de idades semellantes), así como favorecer unha práctica, se non sistemática, sí habitual dentro do horario de actividades de lecer dos alumnos.

Os xogos con música son un elemento favorecedor de outros valores como desinhibición, participación en actividades non habituais e poñer en xogo outro tipo de relación social de desenvolvemento psico e sociomotor. Os xogos tradicionais da comunidade poden servir para descubrir nos alumnos o valor das tradicións que permanecen no tempo.

UNIDADE DIDÁCTICA 4ª : IMOS XOGAR	CURSO:3ºESO
--	--------------------

CONTIDOS
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades físicas coma base dos estilos de vida saudable. • Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. • Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. • Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos. • Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural e a súa aplicación en diferentes ámbitos.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Controlar as dificultades e os riscos ó longo da súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento. • Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas das actividades físico-deportivas adaptadas propostas. • Resolver situación motoras simples de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <ul style="list-style-type: none"> • Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para un mesmo ou para os demais. • Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do seu entorno. • Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas mais simples, respetando as regras e as normas establecidas. • Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e de superación axeitados á súa idade. • Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. 		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN Cuestionarios. <ul style="list-style-type: none"> • Probas prácticas. • Traballos colaborativos. • Observación indirecta. 	COMPETENCIAS Competencia social e cívica. Competencia aprender a aprender. Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	METODOLOXÍA <ul style="list-style-type: none"> • Estratexia global • Estratexia analítica • Organización individual. • Organización grupo reducido. • Organización gran grupo.
RECURSOS: Espaldeiras. Caixóns do plinto. Redes . Porterías. Planos. <ul style="list-style-type: none"> • Balóns. Conos. Compases. Escalímetros. • Reglas. Follas de control. 		

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 4	¡ IMOS XOGAR !
TEMPORALIZACIÓN: ao longo do primeiro trimestre	
Sesión 1	O medio como instalación para o xogo. Experimentación de xogos populares (polis e cacos, o marro, as agachadas, o pano...) en distintos lugares que o medio permite (campos de deportes do recinto escolar, zonas boscosas, campos...). Explicación da importancia da explotación e coidado do medio no que vivimos, así como fincapé nas principais características do mesmo no noso concello.
Sesión 2	Os deportes no medio cotián. A adaptación do espacio. Practicar os deportes que mais lles gustan nos lugares que inicialmente non están habilitados para elo. Xogar ó volei nun prado, ó hockey nun lugar arbolado, ó fútbol (3x3) nunha explanada, ó rugby nunha costa...

5ª UNIDADE DIDÁCTICA: “OS DEPORTES DE ADVERSARIO. INICIACIÓN A DEPORTES DE RAQUETA: O TENIS”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

Nunha sociedade na que a esixencia de rendemento se produce cada vez a mais temprana idade, é conveniente proporcionar ós alumnos e alumnas uns hábitos de traballo en equipo e cooperación, pero tamén é necesario facer ver que a oposición pura a un adversario non ten por qué connotar conflito, nin moito menos violencia, senón que require da aplicación do máximo esforzo individual e, de non lograr o obxectivo, comprender que o adversario actuou mellor. É dicir, educar para aceptar as propias limitacións pero tamén para buscar a autosuperación.

Ademáis a actividade físico deportiva de combate pode utilizar implementos que supón unha ampla gama de habilidades pertencentes a diferentes deportes e actividades predeportivas que permitirán, ás persoas habitadas ó seu manexo, posuír un amplo espectro de actividades que poder levar a cabo en cáseque calquera ámbito, tanto artificial ou adaptado (pádel, tenis, tenis de mesa, bádminton...)

Por todos estes motivos consideramos necesaria a aplicación dunha unidade didáctica na que os alumnos e alumnas compitan entre sí un contra un e os deportes de loita e con implementos como os citados considerámoslos axeitado para lograrlo. Isto é o que trataremos de facer nesta unidade didáctica.

Ubicámola na terceira avaliación.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Familiarizarse co manexo de móbiles mediante implementos: palas, raquetas...
- Asimilar esas habilidades como parte fundamental dun futuro aprendizaxe deportivo (bádminton, tenis...)
- Recoñecer a accesibilidade cáseque en calquera medio da práctica deportiva con implementos.
- Desenvolver un interese e unha notable afección pola práctica destas actividades físicas e deportivas.
- Identificar, asimilar e comprender os conceptos “cooperación” e “oposición”, e asumir a importancia dos mesmos en tódalas actividades humanas.
- Resolver problemas derivados da oposición motriz pura contra adversarios, así como asumir os roles e identificar as accións motrices nunha situación de cooperación-oposición.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Os estilos de ensino e aprendizaxe que usaremos nesta unidade didáctica tenderán, fundamentalmente, á directividade, tanto no aprendizaxe técnico de manexo dos implementos como no control, adaptación, progresión etc. do móbil a través de ditos implementos. No xogo por parellas, sin embargo, predominará un estilo de descubrimento

que guíe o aprendizaxe táctico individual .

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 5	Título: “OS DEPORTES DE ADVERSARIO. INICIACIÓN A DEPORTES DE RAQUETA : O TENIS.”
TEMPORALIZACIÓN: Do día 10 de xaneiro ó día 4 de febreiro 2022 10 sesións	
Sesión 1	O deporte: concepto, clasificacións. Os deportes de adversario de raqueta: tipos e xeralidades regulamentarias. O tenis: a raqueta, o espazo, a pelota, o sistema de puntuación. Experimentamos coa raqueta e a pelota. Golpeos.
Sesión 2	O xogo de cooperación. Xogo en grupos de 4 ou 5 tratando de que non caia a pelota no chan. Carreiras de relevos mantendo a pelota no aire. Situacións de pase cooperativas.
Sesión 3	O xogo 1+1, 2+2 ... Os tipos básicos de golpeo: dereito, revés, alto, medio, baixo. As traxectorias da pelota: directas, tensas, semitensas, bombeadas... A experimentación de tódolos tipos de golpeo.
Sesión 4	Os desprazamentos no tenis: as indicacións básicas e a importancia da mobilidade no xogador. O regulamento e forma de xogo: o xogo individual.
Sesión 5	O regulamento e forma de xogo: o xogo de dobres.
Sesión 6	Outros deportes de raqueta: especificacións materiais, espaciais, de puntuación...Xogos con ditos materiais.
Sesión 7-8	Partidillos de tenis individual e dobres mixtos
Sesión 9-10	Avaliación.Xogo con raqueta aplicación dunha escala descriptiva.

ORIENTACIÓN SOBRE A AVALIACIÓN

A avaliación desta unidade didáctica preséntase como moi complexa para nós, polo que ten por unha parte de compoñente actitudinal no seu plantexamento, e pola falta de criterios de avaliación concretos que poidamos aplicar de forma cuantitativa para cada alumno ou alumna.

Así pois, levaremos a cabo unha avaliación predominantemente cualitativa, na cal valoraremos a evolución na capacidade de elaborar estratexias de cooperación para acadar obxectivos comúns e poñelas en práctica. Tamén se valorarán os mesmos indicadores para as actividades de oposición pura, e incluso para as actividades de cooperación e oposición. Teremos en conta, tamén, a evolución na capacidade de cooperar, así como na posta en práctica de actividades de un contra un, tanto nos mecanismos de percepción e decisión, como no mecanismo de execución.

Nas dous últimas sesións, aplicaremos una observación sobre un xogo de raqueta na que ademáis observarse os golpes utilizados no xogo e a ocupación espacial.

6ª UNIDADE DIDÁCTICA: “OS DEPORTES SOCIOMOTRICES. O BALONCESTO”.

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

Os deportes de equipo constitúense nun contido que, debido á implicación de grande cantidade de capacidades humanas (físicomotrices, psicomotrices, sociomotrices, afectivomotrices, cognoscitivomotrices) adquire enorme importancia no desenvolvemento motor dos alumnos. Pero a complexidade no seu ensino fai que en moitas ocasións se limite a súa capacidade educativa á adquisición de parámetros técnicos e, en raras ocasións, tácticos. Aquí trataremos de ofrecer unha visión innovadora da metodoloxía de ensino dos deportes de equipo, se ben somos conscientes de que é un proceso longo, que trataremos de continuar e complementar ó longo de toda a E.S.O.

A unidade didáctica desenvolverase no segundo trimestre.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer os deportes de equipo.
- Familiarizarse co móvil, co tempo e espacio, coas principais acotacións regulamentarias e coa relación cos compañeiros e adversarios.
- Asimilar os patróns tácticos de marcaxe e desmarque.
- Aprender a manexar o móvil, a progresar con él, a lanzalo, pasalo e recepcionalo.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Os estilos de ensino e aprendizaxe serán en principio de búsqueda con pequenas orientacións guía no proceso, por parte do profesor que irán levando ós alumnos á solución ou solucións dos problemas perceptivos e decisionais plantexados. Por tanto, seguiremos o formato do descubrimento guiado en cuestións de iniciación á táctica individual (desmarque e marcaxe). A continuación, utilizaremos tanto un estilo directivo nas

primeiras etapas como un aprendizaxe recíproco mais adiante no aprendizaxe da técnica. A organización da clase será en gran grupo na maioría das situacións.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRICIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 7	Título: “OS DEPORTES SOCIOMOTRICES. O BALONCESTO”
TEMPORALIZACIÓN: Do día 7 de febreiro ó día 7 de marzo 2022 : 12 sesións	
Sesión	Descrición básica dos contidos por sesión
Sesión 1-2	Os deportes de equipo: elementos comúns. Móvil, compañeiros, adversarios, espacio, tempo, regulamento. As habilidades comúns a tódolos deportes de equipo: manexo e control do móvil, desprazamento e progresión, marcaxe e desmarque, pase, lanzamento, posicións básicas... Iniciación mediante xogos predeportivos, rondos, 10 pases, 2x1... explicacións da universalidade das situacións para todos os deportes de equipo.
Sesión 3-4	O baloncesto, control, adaptación, manexo e progresión co móvil.
Sesión 5-6	Xogos de pases en baloncesto con/sen bote, asimilación do ciclo de pasos do baloncesto, xogos en superioridade atacante.
Sesión 7	O deporte do baloncesto: regulamento básico. A progresión e o tiro en baloncesto sen oposición. O 2x0, pases e lanzamentos.
Sesión 8	O xogo dos dez pases con superioridade atacante (numérica, de movementos...). A restricción do espacio para o defensor. Finalización en canastra.
Sesión 9	O 2x1 con finalización en tiro. As carreiras de pases 3x0.
Sesión 10	O 1x1 con restriccións do defensor. O 1x1+1.
Sesión 11-12	O 3x3+1. 3x3 con restriccións dos defensores. Avaliación.

ORIENTACIÓN S SOBRE A AVALIACIÓN.

A **avaliación inicial** levarémola a cabo sobre os contidos das primeiras sesións, anotando nunha folla de rexistro deseñada a tal efecto acerca da destreza que amosen os alumnos-as acerca dos contidos conceptuais e procedimentais a impartir. A partir de ahí axustaremos as sesións ó nivel do grupo.

A **avaliación formativa** constará de un rexistro diario onde se reflicta a evolución dos alumnos-as nos contidos procedimentais e acerca da adquisición dos contidos actitudinais.

A **avaliación sumativa** constará da evolución apreciada na comparación das anteriores, e da observación da destreza final adquirida no xogo global.

**6ª UNIDADE DIDÁCTICA:
“A COOPERACIÓN-OPOSICIÓN.O ACROSPORT”**

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

Nunha sociedade competitiva, é conveniente proporcionar ós alumnos e alumnas uns hábitos de traballo en equipo e cooperación entendida como aunar os esforzos cara un obxectivo común, nunha actitude sinérxica que, de non constar da implicación de todos e cada un dos membros do grupo, non se acadará para ningún deles. Tamén é necesario facer ver que a oposición pura a un adversario non ten por qué connotar conflito, nin moito menos violencia, senón que require da aplicación do máximo esforzo individual e, de non lograr o obxectivo, comprender que o adversario actuou mellor. É dicir, educar para aceptar as propias limitacións pero tamén para buscar a autosuperación.

Por todos estes motivos consideramos necesaria a aplicación dunha unidade didáctica na que os alumnos e alumnas compitan entre sí un contra un, pero tamén que eses mesmos alumnos se vexan obrigados a aunar esforzos para acadar un obxectivo, e incluso que teñan que competir entre grupos. Isto é o que trataremos de facer nesta unidade didáctica.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº6 A COOPERACIÓN-OPOSICIÓN. O ACROSPORT					
CURSO: 3º ESO					
CONTIDOS					
B1.5 Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.					
B1.10 Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas..					
B2.2 Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual e colectivo.					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN		EA	CP	IE	CT
B1.2 Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.		B1.2.1 B1.2.2 B1.2.3	CSC	Observac.	B1.5
B1.4 Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.		B1.4.1 B1.4.3	CSIEE CSC	Observac.	B1.10
B2.1 Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos		B2.1.1	CCEC	Trabajos colaborativos. Pruebas Prácticas. Grabación	B2.2

<p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</p> <p>B1.2.1 A moso tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.</p> <p>B1.2.2 Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.</p> <p>B1.2.3 Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.</p> <p>B1.41 Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.</p> <p>B1.4.3 Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable</p> <p>B2,1.1 Utiliza técnicas corporais, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade</p>		
<p>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Observación directa. • Probas prácticas. • Grabacións 	<p>COMPETENCIAS</p> <p>Competencia social e cívica.(CL)</p> <p>Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía.</p> <p>CMCT</p> <p>Competencia aprender a aprender. (CAA)</p> <p>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</p> <p>CSIEE.</p> <p>Conciencia e expresi.cult.</p> <p>CCEC.</p>	<p>METODOLOXÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Asignación de tarefas. • Resolución de problemas. • Organización individual. • Organización grupo reducido. • Organización gran grupo.
<p>RECURSOS: Balóns. Cordas. Bancos suecos.Crono. Reprodutor música Colchonetas. Quitamedos. Video</p>		

TEMPORALIZACIÓN. ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE.**SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.**

U.D. nº 6	Título: A COOPERACIÓN–OPOSICIÓN.O ACROSPORT
TEMPORALIZACIÓN: do 7 de marzo ao 8 de abril 2022 10 sesións	
Sesión	Descrición básica dos contidos por sesión
Sesión 1	<p>A cooperación: concepto. A importancia do traballo en equipo. A facilidade de consecución de obxectivos con esforzos parciais.</p> <p>O traballo cooperativo: fases.</p> <p>Organización do grupo.</p> <p>Posta en acción.</p> <p>Desenvolvemento e feedbacks da acción.</p> <p>Problema de resolución de todo o grupo: dende o ximnasio e cun pasillo de bancos suecos, sen tocar o chan facer un tatami no outro extremo de colchonetas. Toma de tempos e comparación coa eficacia en clases sucesivas.</p> <p>Xogos de cooperación grupal: baile de picas, pasar o balón en círculo (todos con balón), pasar ó compañeiro por riba da cabeza...</p> <p>Problemas grupais de resolución conxunta pre-acroport.</p>
Sesión 2	O Tono e o control corporal en diferentes posicións. Os xiros sobre o eixo transversal. Volteos hacia diante e atrás.
Sesión 3	<p>A cooperación coa parella.</p> <p>Execución de figuras con problemas de complexidade crecente en torno a número de apoios. Experimentación, metodoloxía de descubrimento.</p> <p>Execución de figuras de acroport por parellas.</p> <p>Resolución de problemas por tríos.</p>
Sesión 4	<p>O acroport como disciplina cooperativa.</p> <p>Execución de elementos de acroport por grupos de 5-6 persoas.</p> <p>Execución de elementos todo o grupo.</p> <p>Resaltar a importancia de cada membro do grupo no éxito final do proceso e acadamento de obxectivos. Reflexión final e relación con temas transversais (educación para a paz, democracia, educación cívica e moral..)</p>
Sesión 5	<p>A oposición: concepto e experimentación.</p> <p>As actividades de loita 1x1. Resolución de problemas motores con distintos tipos de agarres sobre o compañeiro que debe zafarse.</p> <p>Actividades de loita con distintos agarres e regulamentos.</p>
Sesión 7	<p>A cooperación-oposición.</p> <p>Xogos grupais de forza onde haxa que manter a cooperación para superar a oposición do equipo rival. Rouba do tesouro, A manifestación, Os piratas na illa, A loita polo alumno.</p>
Sesión 8	Presentación, por parte dos alumnos, de figuras de dos e tres, de 4 ou 5 e duha pirámide humana. Comenzo das coreografías
Sesión 9-10	Coreografías de acroesport: elaboración e valoración dos traballos

7ª UNIDADE DIDÁCTICA: ¡IMOS XOGAR!

<p>CONTIDOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades físicas coma base dos estilos de vida saudable. • Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. • Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. • Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos. • Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural e a súa aplicación en diferentes ámbitos.
<p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Controlar as dificultades e os riscos ó longo da súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento. • Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas das actividades físico-deportivas adaptadas propostas. • Resolver situación motoras simples de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		
<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para un mesmo ou para os demais. • Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do seu entorno. • Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas mais simples, respetando as regras e as normas establecidas. • Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e de superación axeitados á súa idade. • Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. 		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN Cuestionarios.	COMPETENCIAS Competencia social e cívica. Competencia aprender a aprender. Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	METODOLOXÍA <ul style="list-style-type: none"> • Estratexia global • Estratexia analítica • Organización individual. • Organización grupo reducido. • Organización gran grupo.
RECURSOS: Espaldeiras. Caixóns do plinto. Redes . Porterías. Planos.		
<ul style="list-style-type: none"> • Balóns. Conos. Compases. Escalímetros. • Reglas. Follas de control. 		

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº7	¡ IMOS XOGAR !
TEMPORALIZACIÓN: ao longo do terceiro trimestre	
Sesión 1	O medio como instalación para o xogo. Experimentación de xogos populares (polis e cacos, o marro, as agachadas, o pano...) en distintos lugares que o medio permite (campos de deportes do recinto escolar, zonas boscosas, campos...). Explicación da importancia da explotación e coidado do medio no que vivimos, así como fincapé nas principais características do mesmo no noso concello.
Sesión 2	Os deportes no medio cotián. A adaptación do espacio. Practicar os deportes que mais lles gustan nos lugares que inicialmente non están habilitados para elo. Xogar ó volei nun prado, ó hockey nun lugar arbolado, ó fútbol (3x3) nunha explanada, ó rugby nunha costa...

10ª UNIDADE DIDÁCTICA: NATACIÓN

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN

Nesta unidade didáctica realizarase no mes de xuño. A selección dos contidos apoiarase nos aprendizaxes fundamentais da natación. trátase Estará dirixida a todos e cada un dos alumnos e alumnas. Cada un debe ter a posibilidade de aprender desde a súa situación ou nivel. O cal nos leva por unha banda a establecer unha pedagogía diferenciada que implica deseñar situacións abertas que permitan realizar adaptacións individuais (utilizando variables didácticas) en función das respostas ou necesidades do alumnado, e por outro a concibir unha avaliación relativa que poña no tapete os progresos e aprendizaxes adquiridos por cada un. supón.

Se a adquisición e mellora das condutas motrices é unha das dúas grandes finalidades da EF, esta actividade (polas condicións do medio no que se desenvolve) ofrece a posibilidade de lograr novas condutas motrices que van permitir ao alumnado unha mellor adaptación ao medio acuático. As condutas motrices «terrestres» a penas van servirle no novo medio e por tanto verase obrigado a construír outras novas. O docente ten a enorme posibilidade de utilizar unha contorna diferente cargada de posibilidades educativas. Se ademais valoramos a implicación afectiva, a carga emocional da actividade e a utilidade da mesma podemos concluír que é moi interesante considerar a súa inclusión nas programacións de EF.

Levarase a cabo no mes de xuño. O concello ten una piscina descuberta e por mor do tempo só a utilizamos nese mes.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Mellorar as capacidades básicas a través do medio acuático.
- Coñecer e ser capaces de levar a cabo un quecemento xeral e específico no medio acuático.
- Desenvolver calidades motrices utilizando o xogo como medio.
- Concienciar sobre o esquema corporal.
- . Utilizar e mellorar a comunicación en devandito medio.
- Concienciar para a mellora e conservación do medio natural.

Tamén contribúe ao desenvolvemento dos contidos transversais: - Educación para a paz xa que coas actividades que se propoñen pretendemos fomentar aos nosos alumnos actitudes de cooperación, autonomía, deportividade etc..., actitudes que baixo unha perspectiva educativa contribúen á educación para a paz. - Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos, posto que as actividades que propoñemos teñen como común denominador o respecto e valoración das características de ambos os sexos.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Técnica de enseñanza: Instrucción directa o indagación. Modificación del mando directo, asignación de tareas, descubrimiento guiado, enseñanza recíproca, resolución de problemas, cooperación. *Estrategia en la práctica:* global o analítica.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 10	NATACION
Do día 1 de xuño ó día 20 de xuño 2021: 6 sesións	
Sesión 1	“Póñoome en forma”
Sesión 2	“Movémonos como peixes na auga”
Sesión 3	“Gústanos xogar”
Sesión 4,5 e 6	“Exprésome no medio acuático”

ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN.

A avaliación nesta unidade didáctica comprenderá, en gran medida, a actitude ante as actividades propostas en tres aspectos a ter en conta: primeiro, a actitude ante a práctica e nun medio diferente, o acuático, segundo, a actitude ante esta actividade.

Así, a **avaliación inicial** estará constituída pola observación das actitudes nunha primeira sesión. A **avaliación formativa** constará da observación e retroalimentación constante da evolución dos alumnos e alumnas, e a **avaliación sumativa** terá en conta todo este proceso para a formulación dun informe onde se reflicta a evolución do alumnado nestes aspectos e ademais eles presentarán xogos que terán que recoller da consulta en libros, internet etc..

8. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Buscarase ir hacia un enfoque competencial así como a consecución e integración dos estándares por parte do alumnado:

- Educación Física nestas etapas terá un carácter eminentemente práctico e vivencial.
- A asimilación das aprendizaxes e a adaptación ao traballo do alumnado en Educación Física aconsella a distribución das dúas sesións semanais en diferentes días.
- A selección dos contidos e das metodoloxías activas e contextualizadas debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo destas etapas.
- O uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- O profesorado deseñará diferentes tipos de tarefas e secuencias adaptadas aos

niveis, ás formas e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos o máis ampla posible, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvidas nos últimos tempos en diferentes ámbitos da Educación Física.

– Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado.

– Buscarase orientar aos alumnos e as alumnas para que poidan ser auténticos suxeitos activos dunha xestión cada vez máis autónoma e comprometida da súa saúde, mediante a adquisición de hábitos de vida saudables.

- O alumno, ademais de adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico deberá tamén desenvolver actitudes conducentes á **reflexión e análise** sobre as achegas da Educación Física e o deporte á nosa saúde e ocupación do ocio e o tempo libre. Para iso necesitamos combinar a práctica de actividade física co proceso reflexivo.

- Nalgúns aspectos da área o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos e destrezas fundamentais desta área. .

8.1. ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS E TÉCNICAS DE ENSINO

Para conseguir estes obxectivos resulta conveniente utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen, do xeito en que cada un considere máis apropiada, as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación

• As estratexias expositivas

Presentan ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Resultan adecuadas para as formulacións introductorios e panorámicos e para ensinar feitos e conceptos; especialmente aqueles máis abstractos e teóricos, que difícilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas.

Este tipo de estratexia pode utilizarse ao principio de cada unidade, na introdución, lectura e debate do texto, así como na explicación de contidos teóricos de especial complexidade.

• As estratexias de indagación

Presentan ao alumnado unha serie de materiais en bruto que debe estruturar, seguindo unhas pautas de actuación. Trátase de enfrontalo a situacións problemáticas nas que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente.

O emprego destas estratexias está máis relacionado coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes conlevan á súa vez a adquisición de conceptos, dado que tratan de poñer ao alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos. Tamén son moi útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos,

actitudes e valores.

Polo que respecta ás diferentes **técnicas de ensino utilizadas**, hai que destacar aquelas en as que a intervención alumno-profesor no proceso de toma de decisións deixa liberdade ao alumnado para experimentar, crear e resolver as súas propias situacións, adoptando o profesor un rol de apoio e de consulta capaz de ofrecer o adecuado feedback para a aprendizaxe e consolidación dos contidos. Así, as técnicas de ensino fundamentais que se requiren son o descubrimento dos diferentes perfís educativos e necesidades dos alumnos e as alumnas, que se concretarán no deseño de diversos estilos de aprendizaxe guiada e en programas individualizados, respectivamente.

9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A **avaliación** das aprendizaxes dos alumnos será continua tendo en conta os obxectivos específicos da nosa área, e estando de acordó cos criterios de avaliación que se establecen nesta programación para cada curso.

Polas características da nosa asignatura que abarca contidos moi diversos e amplos, e posible aprobar a primeira e suspender a segunda ou aprobar a segunda e suspender a terceira avaliación por elo teremos sempre presente a posibilidade de recuperar as partes non superadas para así acadar unha valoración positiva.

Se ca finalización do curso non se acadan os obxectivos ou nivel marcado, o alumnado terá unha oportunidade de salvalos nunha convocatoria extraordinaria en setembro.

10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota distribúese en tres apartados que son: Contidos conceptuais, Contidos procedimentais, e contidos actitudinais é a súa valoración reflíctese na táboa seguinte:

ITEMS DE AVALIACIÓN	
<p>CONCEPTOS. (SABER/COÑECER)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Examen presencial ou na aula virtual • Traballo presencial o una aula virtual <p>Os exames ou traballos realizaránse sobre os conceptos impartidos en cada unidade didáctica</p>	<p>30% (2 PUNTOS)</p>
<p>PROCEDEMENTOS (SABER/FACER)</p> <p>Os exames ou probas prácticas a realizar en cada trimestre. Pode ser unha ou varias probas según o requiran os contidos traballados. No caso do ensino non presencial as actividades prácticas enviaránse en formato vídeo</p>	<p>50% (</p>

	PUNTOS)
<p>ACTITUDES: (APRENDER A SER)</p> <p>Para esta valoración teranse en conta actitudes como:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1- INTERÉS E INVOLUCRACIÓN NA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA . En caso negativo:(-1) 2- ABANDONAR A PISTA OU O XIMNASIO SIN CAUSA XUSTIFICADA E SEN AVISAR O PROFESOR. (-1) 3- RESPETO ÓS COMPAÑEIROS E PROFESORADO (-1 CADA FALTA) 4- ASISTENCIA (OU FALTAS INXUSTIFICADAS).(-0,50 CADA FALTA) 5- PARTICIPACIÓN CON ROPA ADECUADA PARA A ACTIVIDADE DEPORTIVA (-0,50) CADA FALTA. 6- PUNTUALIDADE.. Impuntualidade:(-0,50 CADA DÍA), Incorporarse con retraso o quencemento da sesión . 7- COLABORACIÓN NA RECOLLIDA E COLOCACIÓN DO MATERIAL, COIDADADO DO MESMO, ETC(- 0,25 CADA DÍA QUE NON RECOLLE) 8- COOPERACIÓN, SOLIDARIDAD, E TÓDOLOS VALORES QUE SUPOÑAN UN BON EXEMPLO DE CIDADANÍA E IGUALDADE DE SEXOS 	<p>20%</p> <p>(PUNTOS)</p> <p>Cada expulsión da clase implica 1 punto menos</p>
<p>9- ENTREGA DE TRABALLOS FORA DOS PRAZOS ACORDADOS(-0,50)</p> <ul style="list-style-type: none"> • En cada avaliación será tema de valoración para a cualificación da mesma, todolas u.d. tratadas. Pois por distintos motivos podese cambiar na secuencia o orde das mesmas e ser así impartidas en distinta avaliación. • Os traballos que teña que entregar o alumnado que non poideran facer práctica serán expostos oralmente e grabados para porder ser valorados. NON E VÁLIDA A LECTURA. • O alumno amosará ter adquiridos os contidos recollidos no traballo. • Os traballos subiranse a aula virtual si así o pide o profesor. • O profesor establecerá a necesidade de entrar na aula virtual para visionar os contidos , para subir os traballos etc 	
<p>OBSERVACIÓNS: Se un dos apartados non se pode realizar sumaraselle a porcentaxe de dito apartado, e de forma a considerar polo profesor, a calquera dos outros apartados</p>	

- **A cualificación final Ordinaria será de 1 a 10 puntos, considerándose positiva a puntuación igual ou superior a 5 puntos.**
 - **Redondeo das puntuacións :**
 - **No caso das puntuacións que teñan decimais, aplicarase o redondeo ao número enteiro máis próximo. Agás nas situacións nas que a actitude e o traballo do alumnado non sexan positivas, neste caso, farase un redondeo a baixa.**
 - **No ensino non presencial, na aplicación do redondeo terase en conta que as actividades indicadas teñan un nivel de realización aceptable e entregadas nos prazos sinalados.**
 - **E obrigatorio a realización de tódalas probas, e a negativa á realización dunha delas, considerarase coma un suspenso na avaliación.**
 - **Consideramos fundamental A ACTITUDE do alumnado para superar a avaliación, de forma que unha actitude negativa pode ser motivo de suspenso nas correspondentes avaliacións, sobor de todo si non se ven rectificacións ao respecto.**
- *Para a valoración dos contidos de carácter máis “actitudinal” empregarase como ferramenta unha rúbrica na que se recollerán os estándares de aprendizaxe ligados a eles en cada unidade.**

11. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: A AVALIACIÓN INICIAL

Coa educación física debemos colaborar ao pleno desenvolvemento da personalidade do alumno, por iso non só se avalían aspectos relacionados coa aprendizaxe motora (contidos procedimentais), senón que, tamén, se porá atención ao ámbito cognitivo (feitos, conceptos, e principios) e afectivo (actitudes, valores e normas).

A avaliación será continua, formativa e integradora:

- **Avaliación continua:**

Porque, “a avaliación continua fai posible a corrección, o reaxuste de obxectivos, plan, programas, métodos e procedementos en función do logro dos obxectivos asignados a cada alumno.

- **Avaliación inicial**

Utilizáremola para determinar obxectivos, adecuar a programación e esbozar liñas metodolóxicas que se van a seguir en caso de que o nivel dos alumnos diste moito do que xa temos plantexado para comezar o curso.

Os instrumentos axeitados para este tipo de avaliación son: test, probas prácticas, cuestionarios que nos permitan ter a información necesaria sobre as características dos alumnos, as dificultades que poidan presentar para facer as posibles adaptacións, e os distintos coñecementos cos que parten dentro do grupo de clase.

1. Nos pasaremos uns cuestionarios nos primeiros días de clase nos que recabamos información ao alumno acerca dos coñecementos cos que parte , datos médicos para ter en conta e facer adaptacións se fose preciso, hábitos de práctica de actividade física , etc..
2. Observaremos a parte actitudinal do alumnado na primeira unidade didáctica
3. Faremos una avaliación inicial cada vez que iniciemos una unidade didáctica para adaptar ver o nivel do grupo de alumnos/as e en base a valoración feita modificar ou no o programado .

- Avaliación formativa ou progresiva.

Tomarémola como base fundamental do proceso de avaliación continua; para que nos determine o grao en que se van conseguindo os obxectivos concretos de cada unidade didáctica e do proceso educativo.

As observacións complementaranse con probas específicas, de periodicidade variable sempre en función das necesidades e tempo dispoñible. Estas poden ser a nivel global ou individualizadas, de tipo test, tanto físico-motriz como escritas ou orais. Así como os traballos individuais ou de equipo realizados tanto na aula como en horario non lectivo

- Avaliación final ou sumativa.

Constitue una síntese dos resultado da avaliación progresiva que recolle a avaliación inicial e os obxectivos previstos para este curso académico.

Teremos que aplicar estos criterios despois de pechar cada ciclo de aprendizaxe, e dicir, en cada unha das unidades didácticas, avaliacións trimestrais e por suporto o remate do curso.

11.1. Criterios de promoción

En primeiro lugar teremos como referencia os criterios de cualificación para cada una das avaliacións e tendo en conta o exisido por avaliación faremos una media dos controis feitos para obter a media da nota final por avaliación.

Utilizaremos como indicadores para decidir a recuperación dos alumnos os seguintes:

- Presentar de maneira aceptable tódolos traballos encargados e, expoñelos.
- Entrar na aula virtual ou no classroom
Asistir as clases de Educación Física coa vestimenta e calzado adecuados.
- Participar **ACTIVAMENTE** en tódalas actividades realizadas nas sesións e **ALCANZAR UNHA PROGRESIÓN INDIVIDUAL SUFICIENTE.**
- Amosar un coñecemento dos conceptos básicos transmitidos e sinalados no apartado de contidos de esta programación.

O alumnado que non cumpra algún destes requisitos terán que **repetir** os días 20, 21 e 22 de xuño **tódalas probas individuais realizadas** para a valoración dos procedementos **é realizar un exame teórico sobre os contidos** conceptuais impartidos, **cunha valoración cuantitativa de 50% o práctico e 50% o segundo.** Así mesmo deberán entregar os

traballos non realizados ou realizados incorrectamente.

- Deberán utilizar a aula virtual.

PROMOCIÓN

- Para aprobar a materia requírese una nota mínima de 5 puntos en cada un dos dous apartados.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

No decreto 229/2011, do 7 de decembro, régulase a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A diversidade é una realidade social a que hay que dar resposta. Isto implica a adopción de medidas e accións deseñadas coa finalidade de lograr as adaptacións curriculares que permitan acadar o obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible.

Na nosa materia a atención personalizada vese dificultada polo excesivo alumnado de alumnos por aula, e o escaso tempo de que dispoñemos para as clases de educación física.

O traballo por tanto que plantexamos é un aporte de procedementos en función dos bloques de contidos e tendo en conta as lesións tanto temporais como permanentes que poden darse no noso alumnado. Con isto, pretendemos xeralizar unha serie de instrumentos e materiais curriculares que poidan ser empregados por os profesores de educación física do Instituto e tentando a plena integración deste alumnado.

Dentro de tódalas vertentes que abarcao problema da diversidade na educación, tendo en conta as medidas de atención a este problema que proporciona a lexislación vixente e normativa ós profesionais do ensino, hai unha serie de DIFICULTADES mais proclives a manifestarse dentro de determinadas materias.

Para o profesor de educación física en concreto, a existencia de alumnado con necesidades educativas especiais crónicas, é dicir permanentes, ó longo de todo o proceso de ensino e aprendizaxe, e frecuentemente longo de toda a vida do suxeito, pode ser unha dificultade enorme á hora de impartir as clases tanto ó individuo en cuestión, como ó resto do seu alumnado. Por exemplo, un alumno/a con unha patoloxía ou malformación que o obrigue a desprazarse en cadeira de rodas, un alumno/a asmático/a, un diabético/a, un cego/a ou un paralítico cerebral, son casos que obrigan a recurrir as medidas de atención a diversidade as que xa temos aludido anteriormente, sendo necesario nestes casos un plantexamento didáctico coa axuda de tódolos estamentos próximos ao alumnado da comunidade educativa que se precisen. Este proceso será diferente para cada alumno/a con

necesidades educativas especiais, posto que estas nunca se manifestarán de igual modo (maior ou menor grao de discapacidade), para cada bloque de contidos, para cada curso e ciclo, para cada currículo de centro, etc.

A tódolo anterior añadiremos que ,como está contemplado no articulo 5 do capítulo III do decreto 229/2011 a instalación docente debería garantir accesibilidade universal.

Nos casos nos que non se poida levar a cabo a aplicación do currículo non poderán ser considerados exentos, xa que se trata dunha materia obrigatoria, debendo o profesor elaborar a modificación e/ou adaptación curricular correspondente que favoreza a súa aprendizaxe e integración no grupo. Na avaliación o alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes a educación secundaria obrigatoria co adaptacións curriculares significativas, de acordó co artigo 14.4º do Decreto 133/2007, a avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.

Outro problema máis frecuente nas clases de educación física e que non está contemplado habitualmente nas medidas de atención á diversidade, quizais porque non se ten en conta que esa diversidade, ou esas necesidades educativas especiais, poden ser non só temporais e de unha duración moi curta, senón que poden ser puntuais, de feito poden manifestarse en unha sesión na metade do curso e non volver a aparecer máis.

O que nós pretendemos solventar é a problemática á que aludimos: alumnado con lesións temporais que non poden levar a cabo a sesión dun xeito normal, pero cuxa motricidade non está totalmente afectada. De ahí que se lle poida propoñer un traballo alternativo que poida levar a cabo, a poder ser dentro do mesmo bloque de contidos.

De calquera xeito, temos en conta tarmén que hai casos nos que, por moi diversas causas, non exista esta posibilidade (imprevisibilidade da lesión, contraindicación total de esforzos, contidos totalmente aparte do convencional, etc.). Para isto, proponemos un listado de actividades alternativas a realizar por parte do alumnado cando iso sucede.

12.1. LISTADO DE ACTIVIDADES ALTERNATIVAS PARA ALUMNOS QUE NON PODEN LEVAR A CABO A CLASE DE EDUCACIÓN

1. **Asistir a todas as clases**, o profesor terá en conta para a súa cualificación aspectos como a asistencia, puntualidade, comportamento etc.
2. **Buscar bibliografía sobre a súa lesión** e que fagan un traballo de coñecemento anatómico, funcional e acerca do posible tratamento mediante educación física. A presentación pode ser en power point.
3. Colaborar co profesor na organización das clases, exercendo como axudante na toma de pulsacións, toma de tempos, resultados de test, resultados de liguillas de

- clase, arbitaxes etc.
4. **Facer un diário de clase** no que describa todo que se fai día a día ampliandoo con artigos, comentarios, fotos, etc.
 5. Dirixir o quencemento.
 6. Cubrir as follas de sesión sobre o desenvolvemento diario da clase cando non se requira a súa participación.
 7. Dirixir os estiramientos da parte final.
 8. Durante a clase que deseñe un adestramento da capacidade que se está traballando e que o día seguinte se faga esa clase.
 9. Si a lesión é de tronco inferior, que faga exercicios adaptados como abdominais/INVERSA
 10. Coller varios envases de diferentes comidas e que faga una tabla nutricional.
 11. Grabar a sesión en vídeo, sacar fotografías...
 12. Axudar ó profesor a organizar a clase: facer grupos, repartir material...
 13. Facer un caderno adaptado para esa unidade didáctica onde o alumno teña que facer unha serie de exercicios relacionados co tema.
 14. Que ocupe o tempo en analizar o comportamento dos seus compañeiros en diferentes aspectos (disciplinario, motivacional, respecto ó tema específico que se trate, acerca do aproveitamento do tempo ...) mediante unha planilla deseñada polo profesor a tal efecto.
 15. Preparar o material para o seguinte exercicio.
 16. Recordar ós seus compañeiros a normativa básica dos deportes cando estes estean a xogar.Etc.

Criterios de avaliación:

Como é lóxico, os criterios de avaliación están formulados en función dos obxectivos, sen que pretendamos levar a cabo unha cuantificación dos mesmos. Así pois, consideraremos a avaliación do alumno en función do grao de implicación que amose na consecución dos obxectivos marcados.

13. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Os contidos que o currículo sinala como transversais, é dicir que deben tratarse dende tódalas áreas e en toda a etapa, poden desenvolverse, como veremos practicamente na súa totalidade, dende o área de Educación física. Son os seguintes:

EDUCACIÓN PARA A PAZ

Un dos contidos actitudinais máis aplicado en todo o desenvolvemento curricular do área de Educación física é o da aceptación e o respecto da propia realidade (corporal e funcional), das diferencias cos demais (de capacidade, de eficiencia motriz e morfoloxía) e das normas (regras) e resultados (na competición).

Todos estes contidos aparecen no traballo da condición física, nos xogos e deportes

(tamén para discapacitados) e na expresión corporal

O desenvolveremos xunto co bloque de contidos de habilidades específicas.

EDUCACIÓN PARA O CONSUMIDOR

É un contido que desde a nosa área abrangue o relacionado cos aspectos sociais e económicos que rodean a actividade deportiva e o deporte na actualidade.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

En tódolos bloques de contidos aparecerá este contido transversal xa que constitúe un nexo común a toda a Educación Física. Trataremo-lo con máis especificidade relacionando coa condición física, e tratando aspectos como a alimentación, a hixiene, e o consumo de sustancias perxudiciais para a saúde.

EDUCACIÓN PARA A CONSERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE

O bloque de contidos de "habilidades específicas no medio natural", trata unha serie de conceptos, procedimentos e actitudes directamente relacionados coas actividades físicas que se levan a cabo na natureza. Polo tanto, o coñecemento do medio e a súa vulnerabilidade, as técnicas adecuadas para «utilizalo» e as normas para a súa conservación, impartiranse ó tratar estes temas.

De igual maneira, aparecen aspectos da educación medioambiental a medida que se desenvolven contidos deportivos, de condición física, xogos, etc., en canto á utilización do entorno escolar, á manipulación do equipamento e o cumprimento das normas de seguridade e prevención de accidentes.

EDUCACIÓN VIAL

Aparecerá con aqueles contidos como son as actividades na natureza, nos que o/a alumno/a debe desenvolverse por un medio determinado, respetando unhas normas básicas de seguridade.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE AMBOS SEXOS

Constitúe tamén un contido presente en todo momento nas sesións de educación física, e sobre o cal o docente intentará incidir a través do control daquelas variables que máis inciden na transmisión dun curriculum oculto sexista: comunicación oral, tipo de contidos a traballar, comportamentos valorados, exemplificacións con alumnos/as, demostracións... Con todo elo intentaremos que os estereotipos sexistas presentes na sociedade e con elo, na educación, non sexan reforzados nesta materia. Para elo, non buscamos unha situación de igualdade de comportamentos entre ambos sexos, senon valorar as características de cada un na súa xusta medida. Isto supón un intento de integración dos valores masculinos e femininos, no cal ambos sexos deben compartir as actividades propias de cada un deles, posibilitando así que poidan destacar todos/as.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN T.I.C DO CENTRO

ACTUACIÓNS PREVISTAS

- Vídeos dos diferentes bloques de contidos:

- Como introducción as unidades didácticas.
- Como introducción as sesións
- Durante as sesións, intercalada coas diferentes tarefas, como reforzo da información.

Grabación en vídeo:

- - O final da unidade didáctica, para a valoración do resultado.
- - Durante as sesións para aportar información que permita a retroalimentación no alumnado.
- - Nas exposicións dos traballos escritos para permitir unha mellor valoración do traballo presentado.

Acadamos con estas actuacións que a imaxe se convirta nunha axuda metodolóxica importante nas nosas sesións, pois o feedback establecido acompáñase dunha actividade motriz sen retardo nen influencias.

Utilización das TIC

- Para a búsqueda de información teórica por parte do alumnado(regulamentos, ...)
- Para o tratamento dos datos obtidos na clase (frecuencia cardíaca, resultados de tests,...) realizando cálculos e elaborando gráficos co programa informático axeitado.
- Para as presentación-exposicións de traballos de clase.
- Utilización da aula virtual: Para subir traballos, acceder a apuntes do trimestre, cubrir enquisas, subir videos elaborados por eles, etc

NECESITARÍAMOS DISPOR NO PAVILLÓN DE CONEXIÓN A INTERNET E UNHA TABLET PARA A PROFESORA.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Actuacións previstas

- Dentro da sesión, según o bloque de contidos a desenvolver aportaráselle ó alumnado a información teórica correspondente. Esta poderá ser lida na primeira parte da clase

como introducción e fundamentación dos contidos prácticos ou ben na parte de volta a calma para a consolidación dos aprendizaxes.

Os textos aportados faran referencia aos seguintes bloques:

- Contidos comúns
 - Actividades físicas artístico-expresivas
 - Actividade física e saúde
 - Os xogos e as actividades deportivas
- Revisión dos fondos bibliográficos para a proposta de lecturas, tanto obrigatorias coma optativas.
 - Dotación de libros para uso no ximnasio, durante as sesións prácticas, co obxectivo de fomentar a autonomía no aprendizaxe buscando información. “*Elabora un plan de entrenamiento...*”, “*Crea unha composición con figuras de acrosport, ...*”
 - “*Expresar co corpo o que entendemos lendo*”.
 - En grupos de traballo escollerán un libro, elaborar un guión e representalo co movemento do corpo.
 - Mentras algun do alumnado esta lendo un texto os demais terán que ir representando ou expresando o que o texto lles transmite.
 - Dentro do bloque de contados comúns:
 - Lectura de mapas topográficos (de diferentes escalas, urbanos, de parques, de bosque,...)
 - Realización de actividades de orientación, nas que haxa que responder a diferentes cuestións que atoparan nos puntos de control do percorrido.
 - Percorridos de orientación, nos que teñan que resolver enigmas, coa axuda de tablets, ordenadores, etc.
 - Lectura de artigos e literatura sobre temas de actualidade, relacionados coa actividade física e a saúde. (Eventos deportivos, nutrición, dieta equilibrada, alimentación e actividade física van da man, hábitos de vida saudable etc. Un exemplo poden ser “No nos mires” de Anna Manso Munné, “Sobre fondo azul” de Sara Cruces Salguero, “¿ Quieres saber más?.de varios autores.)

A temporalización aparece reflexada na distribución de contidos ao longo do curso, na secuencialización das unidades didácticas.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Para acadar os obxetivos propostos, non só empregamos as clases, senón tamén tódalas actividades complementarias e extraescolares que se adxuntan, xa que somos conscientes da limitación que para nos supón a escasez de horas de clase, por isto tamén

utilizamos as clases como un elemento de introducción e fomento do interese do propio alumnado, que será quen teña que crear un plan de prioridades para a súa vida futura a raíz do que nos sexamos capaces de proporcionarlle en tan pouco tempo.

A realización das seguintes actividades estarán sempre pendentes da posibilidade de levalas a cabo:

PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

NOME DA ACTIVIDADE	SAÍDAS NOS ARREDORES DO CENTRO
DATA (probable):	NOS DISTINTOS TRIMESTRES SEGÚN CONTEMPLA A PROGRAMACIÓN
DURACIÓN	VARIAS SESIÓN
CARÁCTER	COMPLEMENTARIA
PROFESOR RESPONSABLE	MARÍA PAZ GAGO
NIVEIS	TODOS
OBXECTIVOS	OS CONTEMPLADOS NA PROGRAMACIÓN: BLOQUES 1,2 e 3

NOME DA ACTIVIDADE	MILLA DIARIA
DATA	TODOS OS DÍAS NO PRIMEIRO RECREO, CO ALUMNADO QUE NON FAGA ACTIVIDADE FÍSICA
DURACION	TODO O CURSO
CARÁCTER	COMPLEMENTARIA
PROFESORE RESPONSABLE	MARÍA PAZ GAGO
NIVEIS	TODOS
OBXECTIVOS	OS CONTEMPLADOS NA PROGRAMACIÓN: BLOQUES 1,2 e 3

NOME DA ACTIVIDADE	CARREIRAS DE ORIENTACIÓN NO CENTRO E NOS ARREDORES
DATA	TRIMESTRE POR DETERMINAR EN FUNCIÓN DAS CONDICIÓN METEREOLÓXICAS
CARÁCTER	COMPLEMENTARIA
NIVEIS	TODA A ESO
OBXECTIVOS	RELACIONADOS COA PROGRAMACIÓN: BLOQUES 1,2 e 3
PROFESORES RESPONSABLES	MARÍA PAZ GAGO

DURACIÓN	VARIAS SESIÓN
-----------------	---------------

NOME DA ACTIVIDADE	PARTICIPACIÓN EN EVENTOS DEPORTIVOS: CARREIRA “O CAMIÑO DAS LETRAS”, ORGANIZADA POLO NOSO CONCELLO
LUGAR	SANTIAGO
CARÁCTER	COMPLEMENTARIO E EXTRAESCOLAR
PROFESOR RESPONSABLE	MARÍA PAZ GAGO
NIVEIS	TODOS
OBXECTIVOS	RELACIONADOS CA PROGRAMACIÓN: BLOQUE 1: CONDICIÓN FÍSICA, BLOQUE 2: XOGOS E DEPORTES.
DURACIÓN	O ESTABLECIDO POLA ORGANIZACIÓN DE DITO EVENTO

DEPARTAMENTO	EDUCACIÓN FÍSICA
NOME DA ACTIVIDADE	PARTICIPAR NAS CELEBRACIONES COMO O MAGOSTO, DÍA DA PAZ, ENTROIDO. DÍA DA DIVERSIDADE, DÍA DA INCLUSIÓN, DÍA DAS LETRAS GALEGAS A TRAVÉS DO DEPORTE. ETC
LUGAR	NAS INSTALACIÓNS DO CENTRO, OU NO LUGAR ONDE SE CELEBREN.
CARÁCTER	COMPLEMENTARIO E EXTRAESCOLAR
PROFESOR RESPONSABLE	MARÍA PAZ GAGO
NIVEIS	TODA A ESO
OBXECTIVOS	RELACIONADOS CA PROGRAMACIÓN BLOQUE 1: CONDICIÓN FÍSICA, BLOQUE 2: XOGOS E DEPORTE
DURACIÓN	2-3 HORAS

NOME DA ACTIVIDADE	XORNADAS DE PROMOCIÓN DO DEPORTE: MOSTRA DE ESGRIMA, GOLF, IOGA, XIMNASIA, CAPOEIRA, FÚTBOL GAÉLICO ETC
LUGAR	INSTALACIÓNS DO CENTRO
CARÁCTER	COMPLEMENTARIO

PROFESOR RESPONSABLE	MARÍA PAZ GAGO
NIVEIS	TODOS
OBXECTIVOS	BLOQUE I: CONDICIÓN FÍSICA BLOQUE 2: XOGOS E DEPORTES
DURACIÓN	VARIAS SESIÓNS

NOME DA ACTIVIDADE	PATINAXE SOBRE XEO
LUGAR	SANTIAGO DE COMPOSTELA
CARÁCTER	COMPLEMENTARIO
PROFESOR RESPONSABLE	MARÍA PAZ GAGO
NIVEIS	1º e 2º ESO
OBXECTIVOS	BLOQUE 1: CONDICIÓN FÍSICA BLOQUE 2: XOGOS E DEPORTES
DURACIÓN	2 HORAS

NOME DA ACTIVIDADE	ROCODROMO INDOOR WALL
LUGAR	SANTIAGO DE COMPOSTELA
CARÁCTER	COMPLEMENTARIO
PROFESOR RESPONSABLE	MARÍA PAZ GAGO
NIVEIS	3º e 4º ESO
OBXECTIVOS	BLOQUE 1: CONDICIÓN FÍSICA BLOQUE 2: XOGOS E DEPORTES
DURACIÓN	2 HORAS

NOME DA ACTIVIDADE	CARREIRAS PARA TODAS AS ETAPAS, DESDE INFANTIL A 4º ESO "SAVE THE CHILDREN"
LUGAR	NO CENTRO E ARREDORES
CARÁCTER	COMPLEMENTARIO
PROFESOR RESPONSABLE	MARÍA PAZ GAGO
NIVEIS	TODO O CENTRO
OBXECTIVOS	BLOQUE 1: CONDICIÓN FÍSICA BLOQUE 2: XOGOS E DEPORTES
DURACIÓN	2 A 4 HORAS

DEPARTAMENTO	EDUCACIÓN FÍSICA
NOME DA ACTIVIDADE	VISITA AO CEE MANUEL LÓPEZ NAVALÓN, Convivencia co alumnado de educación especial (autismo, parálisis cerebral entre o largo abanico de patoloxías que poseé o alumnado deste centro)
LUGAR	NAS INSTALACIONS DO CENTRO CEE MANUEL LOPEZ NAVALÓN. (NO MONTE PEDROSO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.
CARACTER	COMPLEMENTARIO
PROFESOR RESPONSABLE	MARÍA PAZ GAGO
NIVEIS	4º DE ESO
OBXECTIVOS	RELACIONADOS COA INCLUSIÓN, E DENTRO DO BLOQUE XOGOS E DEPORTES (DENTRO DA UNIDADE DIDÁCTICA “DEPORTE PARALÍMPICO”
DURACIÓN	DEPENDENDO DO NOSO CENTRO, TODO O DÍA OU UNHA MAÑÁ

DEPARTAMENTO	EDUCACIÓN FÍSICA
NOME DA ACTIVIDADE	CAMIÑO DE SANTIAGO
LUGAR	SEGÚN A RUTA QUE FAGAMOS E DIFERENTE DISTANCIA SEGÚN A ETAPA SEXA INFANTIL, PRIMARIA OU SECUNDARIA
CARÁCTER	COMPLEMENTARIO
PROFESOR RESPONSABLE	MARÍA PAZ GAGO
NIVEIS	TODO O CENTRO
OBXECTIVOS	RELACIONADO CO PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DE HÁBITOS SAÚDABLES
DURACIÓN	DEPENDENDO DO NOSO CENTRO, TODO O DÍA OU UNHA MAÑÁ

17. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO ALUMNADO COA ÁREA DE E.F. PENDENTE

Os alumnado que non cumpra os criterios de promoción pero pasen ó seguinte nivel por idade ou segunda repetición, deberán realizar actividades de recuperación, ó longo do seguinte curso, consistentes en:

- Práctica de actividades realizadas no ano anterior
- Contestación a preguntas sobre conceptos vistos no curso anterior
- Realización de traballos requeridos.

Por considerarse que se trata dunha materia con contidos progresivos, realizarase unha avaliación continua no curso no que está matriculado o alumnado.

Así mesmo respectarase o dereito do alumnado a realización de probas finais de avaliación.

18. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Material Didáctico:

Empregamos todo aquel material que chega ás nosas mans como artigos de periódicos apuntes feitos por nos, fichas, cuestionarios, etc.. se ben é certo que non temos por costume empregar libros de texto.

Instalacións:

- Aula.
- Ximnasio.
- As pistas polideportivas exteriores
- O pavillón cuberto municipal
- Os espazos abertos do recinto escolar
- Os arredores do centro

UN CURSO MÁIS SEGUIMOS SIN DISPOÑER DO PINTADA DAS PISTAS DE BADMINTON, ISTO PERXUDICA O APRENDIZAXE DOS CONTIDOS QUE CONTÉN A PRESENTE PROGRAMACIÓN, SENDO UNHA PETICIÓN FEITA DENDE HAI ANOS E QUE NON SE ACADOU A DÍA DE HOXE.

19. MECANISMOS DE REVISIÓN AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN , PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

19.1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

A práctica docente debe ser revisada periódicamente. Para iso utilizaranse diversos procedementos e instrumentos que nos proporcionarán información de si o alumnado está progresando positivamente na súa aprendizaxe, ou si pola contra, estanse observando desaxustes que requiran introducir novas modificacións. Vexamos agora os indicadores para evaluar a práctica docente:

19.1.1 Indicadores de logro da practica docente

Avaliar a práctica docente:	Escala			
	1	2	3	4
1.Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado				
2.Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise				
3.Elaborar actividades atendendo á diversidade				
4.Utilizar distintas estratexías metodolóxicas en función dos temas a tratar				
5.Combinar o traballo individual co traballo en equipo				
6.Incorporar as TIC aos procesos de ensino- aprendizaxe				
7.Prestar atención aos elementos transversais				
8.Correxir de forma rápida os traballos e as probas				
9. Debater cos alumnos sobre a corrección das probas e traballos				
10.Adecuar os apoios e reforzos aos estándares de aprendizaxe				
1, Indica logro mínimo ou inexistente ;2, logro baixo; 3, logro importante; e 4, o logro total dexesado				

Si queremos escapar da simple valoración do alumnado dentro do proceso de avaliación e chegar a un concepto algo máis evolucionado será preciso estudar por unha banda a avaliación do proceso de aprendizaxe (para emitir un xuízo sobre o grado de adquisición real da aprendizaxe do alumnado) e por outro, a avaliación do proceso de ensino (cuxo obxectivo é prover a mellor intervención educativa para suscitar as “condicións ideais de ensino”).

De seguido expónse unha táboa cos indicadores de logro para valorar este proceso:

9.1.2 Indicadores de logro do proceso de ensino

Avaliar O proceso de ensinanza-aprendizaxe	Escala			
	1	2	3	4
1.Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado				
2.Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe				
3.Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado				
4.Coseguir a participación activa de todo o alumnado				
5.Contar co apoio e a implicación das familias no traballo do alumnado				
6.Mantener un contacto periódico coa familia por parte do profesorado				
7.Atender axeitadamente á diversidade do alumnado				
8.Utilizar distintos instrumentos de avaliación				
9.Valorar realmente a observación do traballo na aula				
10.Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado				
1 Indica logro mínimo ou inexistente;2, logro baixo;3, logro importante; e 4, o logro total dexesado				

19.2. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

19.2.1 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

A programación didáctica será revisada cada trimestre durante as reunións periódicas que leva acabo o departamento. Durante as mesmas vemos si se cumpriron os contidos programados, valoramos a necesidade de amplialos ou reducilos e como facelo si o consideramos necesario.

19.2.2 Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da necesidade de realizar modificacións nela

Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da necesidade de realizar modificacións nela	1	2	3	4
1. Respetar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas				
2.- Respetar o grao mínimo de consecución fixado para cada estándar				
3.				
4.Seguir una estratexia metodolóxica común en todo o departamento				
5.Utilizar todos os materiais didácticos previstos				
6.Respetar o plan de avaliación inicial				
7.Respetar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua				
8.Repectar os criterios establecidos para as recuperacións				
9.Respetar os criterios establecidos para a avaliación final				
10. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria				
11.Repectar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes				
12.Establecer medidas de atención a diversidade cando sexan necesarias				
13.Informar ao titor/ra das dificultades na aprendizaxe do alumnado				
14.Realizar as actividades complementarias previstas				
15.Informar as familias sobre os criterios de avaliación, estándares e instrumentos (AULA VIRTUAL)				
16.Informar as familias sobre os criterios de promoción (AULA VIRTUAL)				
17.Integrar as tic no desenvolvemento da materia				
18.Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación				
1 Indica logro mínimo ou inexistente;2, logro baixo;3, logro importante; e 4, o logro total dexasado				

Boqueixón a 22 de setembro de 2022

XEFA DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

María Paz Gago